



RAIGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

Setembro de 2015

nº 38




REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULARES

 DEPUTACIÓN
OURENSE
CENTRO
DE CULTURA POPULAR
XAQUÍN
LORENZO



índic



páx. 5

páx. 6

páx. 8

páx. 16

páx. 24


páx. 36

páx. 38

páx. 46

páx. 50

páx. 54



páx. 60

páx. 68

páx. 76

páx. 82

páx. 86

páx. 90

páx. 94

páx. 98

páx. 100

Editorial

IN MEMORIAM

Xosé Luís Méndez Ferrín

DUN CÍRCULO DE MONTAÑAS

Xosé Benito Reza

AS OUTRAS VILANOVAS DOS INFANTES

Antonio Piñeiro

A VIRXE DO CRISTAL. UNHA REPORTAXE FOTOGRÁFICA DO 1922
DE J. PINTOS

A VIRXE DO CRISTAL SEGUNDO O PADRE VILAFAÑE

CADROS DO CRISTAL NAS TERRAS DE VILANOVA

Xabier Limia de Gardón

TEMPLO MARIANO DO CRISTAL

Juan Andrés Hervella

OUTROS MILAGRES DA VIRXE DO CRISTAL

Benito Batán

A ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME EN VILANOVA DOS INFANTES
E A CORAL DE RUADA

Emilio Rodríguez Portabales

DANZANTES DE VILANOVA

Patricia Meléndez

OFRENDA Á VIRXE DO CRISTAL EN 1901

**Rafael Artacho Vento e M^a Elisa Abad
Suárez**

A PRESENZA DE VILANOVA DOS INFANTES NA FILATELIA

M^a Elisa Abad Suárez

BIOGRAFÍA DE D. ADOLFO ENRÍQUEZ

José Manuel Enríquez González

EVOCACIÓN DE D. ADOLFO

Cesáreo Iglesias

PLIEGO DOS GOZOS CATALÁNS DE NOSA SEÑORA DO CRISTAL

Miguel Ángel González García

OURENSE TAMÉN TERRA DE MARÍA SANTÍSIMA

José Carlos Fernández Otero


IN MEMORIAM DE D. ADOLFO ENRÍQUEZ MÉNDEZ

Isidoro Rodríguez Pérez

ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME. FOTOGALERÍA DOS 4 ÚLTIMOS
CONCURSOS DE FOTOGRAFÍA

Portada: fotografía de J. Pintos e debuxos de J. A. Hervella

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓNS POPULARES



Dirección Mariló e Xulio Fernández Senra

Secretaría Fco. Javier Álvarez Campos

Colaboración especial Antonio Piñeiro

Fotografías Archivo Raigame

Icono Raigame (contraportada) Tomás Vega Pato

Coordinan Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.
Escola Provincial de Danzas
Colectivo Castro Floxo

Edita



Deseño e Realización infográfica disigna edenia

Impresión Imprenta Deputación Provincial Ourense

Dep. Legal OU - 75/95

I.S.S.N. 1136-3207

Todas aquelas persoas que teñan

interese en publicar artigos ou traba-

llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME

Aptdo. 484

Tlf. 988 317 880

Fax 988 317 882

32080 - Ourense

ccpraigamepublicacions@depourense.es

www.ccpxaquinlorenzo.es

Revista de distribución gratuíta pre-

via subscripción no correo electrónico

anteriormente indicado.

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

MANIFESTO DE COMPROMISO COA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

Significado, valores e futuro da Romaría Etnográfica Raigame

Dende a organización da Romaría Etnográfica Raigame (da que formamos parte o Centro da Cultura Popular Xaquín Lorenzo, dependente da Deputación Provincial de Ourense, o Concello de Celanova, os propios veciños de Vilanova dos Infantes e todos os colectivos que ano tras ano participan activamente na súa celebración), queremos facer público o noso firme compromiso de futuro con esta festa da cultura tradicional galega, inspirada na descrición que Manuel Curros Enríquez fixo da celebración que tivo lugar cando apareceu a Virxe do Cristal e que xurdiu hai xa catorce anos coa intención de reivindicar, no día das Letras Galegas, a vixencia da cultura popular e tradicional da nosa terra.

Como xa queda sinalado, a Romaría Etnográfica Raigame naceu coa intención de celebrar o Día das Letras Galegas dándolle visibilidade á cultura popular e tradicional da nosa terra, facendo fincapé naquelas manifestacións que por mor da evolución social, a globalización e outros factores, teñen ido desaparecendo no tempo ou están en vías de facelo, e ao mesmo tempo exaltar un escenario único como é o pobo de Vilanova dos Infantes. Así, a música e o baile tradicional, oficios e artesanías en perigo de extinción, gastronomía popular, o teatro hoxe chamado de “rúa”, xogos populares, elementos todos eles que tamén forman par-

te da cultura, son o enlace entre o pasado, o presente e o futuro e os principais protagonistas desta festa.

A Romaría Etnográfica Raigame non pretende ser unha simple representación histórica dun tempo pasado que non ha volver. Raigame quere amosar unha forma de vivir, de traballar, de gozar, de sentir como propios elementos identificativos da nosa cultura máis tradicional, para transmitila con exemplos en vivo aos máis novos, como mostra dunhas actividades que dificilmente teñen encaixe na nosa sociedade actual, tanto no aspecto económico, como cultural e lúdico, e que deste modo non se perda ou quede simplemente como un recordo melancólico de noutro.

A Romaría Etnográfica Raigame centra os seus esforzos na divulgación do folclore e os oficios e artesanías tradicionais, especialmente daqueles que van caendo no esquecemento. Durante o desenvolvemento do programa anual, a organización pretende que todos os participantes colaboren con este obxectivo, facéndoo seu e primando o aspecto pedagóxico e cultural sobre o comercial. Por iso se lles pide que participen activamente, realizando as súas actividades de cara ao público, explicando os pasos que seguen e incluso permitindo que aqueles que se acheguen a eles poidan experimentar seguindo as súas indicacións.

A Romaría Etnográfica Raigame é una festa de claro carácter familiar e interxeracional, na que persoas de todas as idades, dende os máis novos aos máis vellos, comparten experiencias e sabedoría nun espazo e nun ambiente certamente singular.

Os trágicos sucesos acaecidos no mes de marzo en Vilanova dos Infantes, fixeron que a XIV edición da Romaría Etnográfica Raigame teña excepcionalmente un formato radicalmente distinto. As diversas opinións vertidas sobre a conveniencia ou non de celebrar a festa como todos os anos tamén nos serviu para reflexionar sobre o sentido de Raigame, así como sobre a relación de Raigame con Vilanova dos Infantes e cos seus veciños, que xa a asumiron como unha festa propia e

que nos teñen expresado de numerosos modos o seu desexo de seguir participando na súa organización.

Por todo iso, neste 17 de maio e neste escenario da Praza Maior de Vilanova dos Infantes, a carón da rúa que a partir de hoxe levará o nome de don Adolfo, queremos deixar patente o noso compromiso público co futuro da Romaría Etnográfica Raigame, co fin de seguir facendo máis grande esta festa que hai dous anos logrou o recoñecemento como “Festa de Interese Turístico de Galicia” e que desexamos incorporar a unha rede de festas e manifestacións etnográficas europeas.

Vilanova dos Infantes, a 17 de maio de 2015

IN MEMORIAM

Dignísimas autoridades, topámonos no centro de Vilanova dos Infantes, dominados todos por unha negra tristura. Eiquí cometeuse un crime horrendo e nós sentimos na alma, como nunca, que o Mal existe e que, por veces, aniña nos corazóns dos homes.

Esta é unha vila con mil anos de historia e máis de prehistoria, onde non hai nin recordo nin memoria de violencia, nin de feitos ruíns.

Vilanova foi sempre un lar de almas pacíficas, de mans e brazos traballadores e de corazóns nobres. Por iso sentimos, cos nosos veciños de Celanova e de toda a Terra arredor, a horrible morte, precedida de malos tratos, de don Adolfo Enríquez Méndez, a quen hoxe lle rendemos homenaxe.

Desde que el chegou eiquí para ocupar o curato de San Salvador e para coidar do Santuario e da imaxe da Nosa Señora do Cristal, fíxose querer e respectar pola comunidade enteira.

Toda morte de home é condenable e dolorosa, e máis se a vítima é unha persoa adornada de virtudes e de valores humanos, como era o caso. Foi, don Adolfo, como o noso himno reza, un dos «bos e xenerosos». Frente ás súas boas cualidades persoais resaltaba a da xenerosidade e a da humildade, no meu modo de ver.

Xenerosidade porque soía darse sen reservas aos veciños e fregueses, e non só a eles; humildade porque sendo persoa sabia, culta, de amplas leituras e coñecementos históricos, teolóxicos, filosóficos, quixo dedi-

carlle a vida á misión parroquial sen ambicionar postos xerarquicamente elevados.

Gracias a iso, os seus fregueses tiveron por moitos anos o regalo da súa oratoria rigorosa, de conceptos precisos enunciados en palabras cálidas. Nunca esqueceremos en Vilanova o seu proceder solidario, coma un veciño máis, en traballos asociativos, como aqueles primeiros intentos de restaurar o castelo, a recuperación dos montes comunais, a posta en escena de obras de teatro e tantas outras empresas que se non foron a máis e non se multiplicaron non foi por deixadez daquel crego que sabía dobrarse en cidadán servicial e desprendido.

Pero eiquí, amigos e amigas, estamos reunidos tamén para lamentar desde o máis fondo da nosa alma un segundo crime, éste perpetrado contra a memoria identitaria de Vilanova dos Infantes e de toda a Terra de Celanova.

Estamos eiquí ofendidos, doloridos e orfos porque nos roubaron a Virxe do Cristal. Con esa «pedra pedriña, pedriña pedra» extirpáronnos algo que forma parte do noso ser máis radical e profundo. Roubáronnos a nosa infancia, a nosa mocidade, os nosos anos adultos, onde sempre estivo presente a festa do Cristal, como o grande acontecemento do ano, día de ledicia e de acordanza do tempo vello.

É, pois, agora, tempo de que as autoridades políticas de Galicia interpelen á autoridade xudicial que afonde no asunto para lle esixir unha explicación pública sobre o estado da investigación do asasinato de don Adolfo e do roubo da Santa. Abonda xa de silencio!

Señoras e señores, compre recordarlle, así aos representantes políticos do pobo coma á autoridade xudicial, que o asasinato e o roubo que hoxe deploramos

constitúe, de por parte, un atentado contra as letras galegas que hoxe se celebran. Dicímolo así cando a Raigame está de loito.

A virxe do Cristal é nosa. É de eiquí, porque antes de lle querer nós a esa cousiña que «mirada dendesde lonxe/ reloce coma un diamante», xa a tiñan por súa os nosos pais e os pais dos nosos pais. E así desque ela caeu do ceo no estroncio dunha grande escarabana.

Pero tamén é patrimonio da Literatura Galega. Patrimonio da Nación, xa que Manuel Curros Enríquez, celanovés fillo de nai de Vilanova, lle deixou a toda Galicia o presente, o regalo, o galano, o don impagable do poema narrativo no que el reinventa a lenda da Virxe do Cristal e fabrica con retallos de ensoñación identitaria, un relato maravilloso escrito na lingua propia de todos os galegos: A virxe do Cristal.

Os ruíns mataron eiquí unha boa persoa, roubaron eiquí o obxecto venerado polas xentes e aínda, aínda, atentaron eiquí contra Curros Enríquez e contra as letras galegas.

Autoridades presentes e pobo soberano, soou a hora de reclamarmos Xustiza, como berrou Paulino Vázquez no enterro de don Adolfo, a quen quixo ouílo.

No nome de Curros Enríquez, que volva a Señora do Cristal, que a memoria de don Adolfo se perpetúe, que se faga xustiza cos asasinados e os autores do horroroso ladroízo.

Xosé Luís Méndez Ferrín

Vilanova dos Infantes, 17 de maio de 2015

Discurso realizado por Xosé Luís Méndez Ferrín o día 17 de maio de 2015 no transcurso do homenaxe organizado a Don Adolfo e á Virxe do Cristal



Panorámica de Vilanova dende a súa torre

XOSÉ BENITO REZA

Enxeñeiro de Montes

DUN CÍRCULO DE MONTAÑAS

Xosé Benito Reza

Fotografías de Antonio Piñeiro



Manuel Curros Enríquez escribiu en 1887 no poema
“A Virxe do Cristal”:

*Preto da cibdá de Ourense,
camiño de Celanova,
onde é máis tépedo o vento
que a terra gallega azouta,
**dun círculo de montañas
na faldra, sempre verdosa,
esténdese un val frorido,
cuberto de herbas cheirosas,***

*piñeirais e arboredos
ricos de frutas e sombra.*

.....

*Deste val no medio e medio,
entre edras e musgo envoltas,
ergue as torres un castelo*

.....

E explica Curros que este castelo foi levantado por
unha princesa moura dende a posta do sol ata a saída
da aurora. Que fermosura!



A torre de Vilanova con Castromao ao fondo



Casa da Neve

Pois ben, imos logo examinar ese círculo de montañas, ese val tan verde e florido onde chantan as brancas casas da vila de Vilanova, vila de grande sona, e da que asoma tan antiga e magnífica torre.

Para chegar a comprender á xénese deste territorio, a súa razón de ser e de estar así colocado no mundo, é preciso subir ao castelo e botar unha ollada en rodopío. Deixar que a nosa mirada alcance todas as terras e montes que circundan tan feraz valina, ese territorio diminuto de a penas un quilómetro cadrado de superficie no que teñen vivido, sorrído, chorado, danzado e cantado os meus antepasados, tantas e tantas xeracións como por aquí teñen pasado.

Se hai un monte nese círculo de montañas que chama a atención, pola súa proximidade e dimensión, é o monte da Serra, que os da Gandarela chaman de San Marcos, e os de Vilanova sinxelamente A Serra ou por posesión, A Serra de Vilanova. Pois ben, ese monte, esa muralla que corta e acouta o mundo polos aires do Norte, que impide cos seus seiscientos metros de altitude que a nosa ollada alcance as terras baixas do Arnoia a tan só tres quilómetros de distancia, que nos protexe das friaxes e das frieiras, é o remate final dun mundo que aquí esborralla definitivamente, un mundo que nace na fronteira con Portugal, a dezaseis quilómetros de distancia; un mundo que non vemos e que tan só podemos intuír

Chanzo dos 800 mts, coa Serra do Leboreiro ao fondo





pola morfoloxía dos horizontes que espallan de norte a sur pola banda de poñente.

En efecto, as fronteiras dese mundo incerto que remata precisamente aquí, que parece retarnos dende as alturas inmediatas da Gandarela, do Castromao ao oeste da nosa posición, e da Casa da Neve alá lonxe no mediodía unha vez superada a vila de Celanova,

conforman xunto co Forriolo e o Monte Calvo de A Bola ese círculo de montañas do que nos fala Curros.

Algúns expertos nas cousas da xeoloxía, da tectónica, das forzas brutais que moven e fan tremer o planeta, explican que a Nosa Terra, a primeira terra firme emerxida das augas da península ibérica e xa que logo a máis vella, está configurada a xeito



Planalto aos 1.300 mts coa Pena de Anamán ao fondo



Castelo do Castro Leboreiro



Marco das catro cruces no chanzo dos 1.000 mts





VILANOVA DOS INFANTES



de enorme escaleira cuxos chan-zos levantaron ou afundiron pola enorme presión dos magmas que flúen e gurgullan a milleiros de graos nas entrañas do planeta. E din que mentres uns bloques soerguían outros afundían, xerando dese xeito grandes superficies achanzadas que chaman superficies fundamentais, plataformas ou penechairs sobre as que o tempo infinito das idades xeolóxicas traballou incansable para modelar e fabricar as paisaxes que hoxe nos son tan familiares.



Chaira de Amoroce



Castromao co Monte Calvo ao fondo

Pois ben, na nosa área, neste gran territorio que espalla dende o castelo de Vilanova ata a fronteira co Castro Laboreiro, detectamos claramente catro grandes chan-zos ou niveis de aplanamento que configuran con bastante precisión o noso país pequeno, unha enorme escaleira que nos leva dende os ceos atolados das altas e frías cumieiras da Raia, a 1.300 metros de altitude, ata as veigas feraces e mimosas do río Sorga a menos de 400 metros sobre o nivel do mar. O primeiro deles é a inmensa penechaira lusa que naquel pais chaman Planalto, terra de mámoas e vacas libertas, de tro-llos e turbeiras de gran valor ecolóxico, onde destaca despuntando no seu reborde final ese asomo pétreo da Penagache, a 1.225 metros de altitude. Baixando polas abas da Serra do Leboreiro acadamos un segundo chanzo que nos deixa exactamente aos 1.000 mts, no Outeiro de Augas, e logo nos Montes de Cexo que collen os ventos que agora aproveitan os de Iberdola, e onde destaca a Penadeda cos seus 1.023 mts. Descendemos de novo polas abas do Monte Oural para chegar ao terceiro nivel achanzado que nos leva aos 800 metros, na gran Chaira de Amoroce, das lagoas onde beben as



vacas do Roberto, coas mámoas omnipresentes que nos acompañan cada vez que o mundo no seu descenso alcanza un novo nivel.

Viaxando por aquela penechaira, pola Corga Longa, os Penedos da Santa e a Cortiña Grande, chegamos aos últimos rebordes erosionados que xa miran cara ao val, entre eles a gran citania castrexa do Castromao, a 725 metros de altitude. E así, esvarando por aquelas pendentes extremas do Monte da Casa da Neve ou da Serra de Vilanova, esfraga definitivamente o mundo para alcanzar o último e cuarto nivel: o chanzo dos 500 mts, onde pousa a mole conventual do mosteiro de Celanova e a torre orgullosa de Vilanova dos Infantes, terras que abriu e partillou o río Sorga para se abrir paso entre os feraces sedimentos arrincados dos montes polas terras de Veiga, Orga e Bobadela.

Lonxe, cara ao nacente, e ben visible na distancia dende o adarve da torre, péchase o círculo de montañas no alto do San Cibrao do Monte Calvo (914 mts), testemuña residual e proxección final xunto



Planalto do Leboreiro (1.300 mts)

cos Penamás de Allariz do segundo chanzo devastado que inda asoma na Fontesanta do Monte Grande de Bande, co Castro do Forriolo e a Chaira de Pitelos de por medio emprazados no terceiro nivel. Eis logo como foi deseñado o noso territorio en épocas remotas nas que o ser humano aínda non entraba nos sempre azarosos e inescrutables plans da Nai Natureza.



Montes de Cexo no chanzo dos 1.000 mts

Chama a atención que as xentes da antigüidade tiveran tan presente a existencia desta colosal superestrutura que comeza aló nas terras finais do Planalto portugués e da Serra do Leboreiro, terras pecuarias onde pastaban no Medievo milleiros de reses, que salvando todos os topónimos intermedios (porque estamos seguros que moitos deles xa existían), superando os picoutos e as morfologías residuais dos chanzos inferiores, consideraran que ese último nivel onde cos anos se levantaría castelo e mosteiro, onde os pais de san Rosendo xa tiñan casa en Vilanova antes de se construír o mosteiro de Celanova, estaba “so” o monte Leboreiro.

En efecto, cando Froila lle doa en 936 ao seu irmán as terras para construír a abadía, di así:

“Villam in terminos Gallecie, territorio Bubalo, subtus monte Leporario, ripam rivusculi Sorice, quam inquit Villare”.

Ou sexa: entrégalle ao santo unha vila baixo ou no pé do monte Leboreiro, na ribeira do pequeno río Sorga.

E o mesmo san Rosendo, no documento fundacional de Celanova do 942, decide situar o seu mosteiro: *“ad calcem montis Leporarii”*, ou sexa, nas faldras do monte Leboreiro.

Para entender a morfloxía e as paisaxes que hoxe vemos temos que cavilar nas forzas desatadas da natureza durante un tempo infinito, porque pasaron tantos millóns de anos dende que se formaron os piares que hoxe sosteñen este territorio, que para a nosa vida é unha eternidade. Chuvias, enxurradas,

ventos, furacáns, treboadas, xeadas negras e nevaradas brancas que cicelaron, roeron e desmantelaron as vellas estruturas que vimos antes; e o diluvio que baixou dos ceos durante tanto tempo foi por fin canalizado e dirixido seguindo as fracturas e as fallas que partillaban e diferenciaban os bloques que soergueran na oroxene Varisca do Paleozoico, hai máis de trescentos millóns de anos, e que logo se reactivaron durante a tectónica Neóxena do Terciario hai uns vinte millóns de anos. Así naceron os regatos, os regueiros e os ríos por onde van as augas que hoxe fertilizan o noso val, o pequeno curruncho onde se agocha Vilanova, ou a extensa veiga que formaron o Sorga e os seus emisarios.

En efecto, o regueiro de Sampil, o de Porto ou de Berredo, e o regato da Munía, xunto co seu pai o Sorga, e tamén o regueiro de Fечиñas que marca o límite Leste do noso territorio e que vai silandeiro ao encontro do Arnoia, erosionaron e arrincaron no Cuaternario a pel destes montes nun proceso morfoxénico que aínda hoxe continúa; tronzaron, partillaron o territorio e depositaron os sedimentos no fondo da cubeta, nun val rodeado de montañas, pechado en si mesmo ao longo dunhas dúas mil hectáreas de superficie: dende Vilanova ata as terras extraordinariamente fértiles de Soutomel, e dende Celanova ata a Veiga de san Munio. Feraz mesopotamia cuxos produtos podemos adquirir nos mercados semanais.

Pero dentro deste gran val, inscrito nun círculo duns cinco quilómetros de diámetro, hai outros pequenos mundos, universos diminutos que quedaron definidos pola rede fluvial, bastante rectilínea e case sempre transversal porque aproveita as diaclasas do granito, e cuxos lindeiros son os pequenos regatos e regueiros que van ao río principal, ao Sorga, que non Ourille, nome primitivo con milleiros de anos de antigüidade, como Sor, Ser ou Sar, cun significado de auga que se move, que flúe, que corre.

Cando os pais de San Rodendo, Gutier e Ilduara, decidiron facer casa en Vilanova, cando a primeira familia asentou no esporón que desputa sobre o Sorga cen metros por riba das súas augas, quizais procedente da vella citania de Castromao para se facer artesáns e agricultores, ou cando San Rosendo elixiu aquel curruncho para os seus moxes, de seguro que cavilaron en cousas como as que contamos a continuación:




O territorio onde empraiza Vilanova e tamén Celanova é o máis agarimado e recuado de todo o val, unha pequena plataforma en leve pendente cara ao nacente encanastrada e cercada polo Norte pola Serra de Vilanova, polo Sur polo Monte da Casa da Neve, e polo Oeste polos declives arrasados do último chanzo xeolóxico onde instala o microcosmos de Amoroce, o Castromao e San Xulián da Gandarela, a cuberto das nordesías e das fronteas oceánicas que varren violentamente a Chaira. Ademais a valiña de Vilanova instala no interfluvio feraz que delimitan o regato de Castromao fronte A Costa e a pronunciada entalladura do regato da Gandarela fronte á Serra (no punto en que contactan os nosos granitos cos xistos de Freixo), unhas cincuenta hectáreas de agramas nutritivas que daban de comer á xente daquel burgo medieval, a unha distancia prudente do río principal para fuxir das brétemas, das xeadas dos fondos de val e das malsás humidades, pero non demasiado lonxe como para non aproveitar a hidromorfía dos solos onde situar os prados. E por último tamén hai que salientar que estes dous humildes regatos, no seu discorrer paralelo cara ao Sorga, cinguiron e moldearon “*neste val do medio e medio*” un relevo residual, un esporón pétreo onde hoxe chanta o castelo e antes un castro seguramente;

lugar estratéxico, porta de entrada ao universo do Sorga e atalaia privilexiada, xusto no intre en que o río revira, se retorce e afunde na procura do nivel de base que marca o seu pai o Arnoia (un claro exemplo de antecendencia), no seu afán por evitar a Serra de Vilanova que lle corta o paso, que vén en punta de lanza, a quilla afiada das formas montuosas que vimos antes. Por iso esta terra de Vilanova é tamén un límite ou fronteira, principio e final de dous mundos moi diferentes, unha terra coa ollada deitada sobre os campos e as leiras dos vellos agricultores neolíticos que vai camiño de se converter nunha mesta carballeira, sentinela atenta a todo canto chega do Norte e da cidade de Auria, fronte ao angosto



Ponte romana de Freixo (Río Arnoia)



Perfil xeomorfolóxico

desfiladeiro por onde ían os vellos camiños e hoxe as estradas modernas, pero aínda coa lembranza nas costas dos tempos antigos, do Castromao primixenio e do mundo espido e frío da montaña que alcanza as murallas do Castro Laboreiro, das terras de mámoas e os cazadores paleolíticos.

Neste límite ou fronteira viviu don Adolfo, dedicado a unha misión fundamental: custodiar a Virxe do Cristal, igual que o castelo vixiou durante séculos o paso ao noso val. Oxalá que unha vez superados os chanzos xeolóxicos que sosteñen este mundo atope os ceos merecidos, por riba das treboadas e convulsións que sacoden á nosa sociedade.



Valladolid



Ciudad Real

ANTONIO PIÑEIRO

Técnico de Cultura do Concello de
Celanova.

As outras

Vilanova dos Infantes

dous municipios de
Valladolid e Cidade Real
comparten toponimia
coa vila dos zapateiros
e da Virxe do Cristal

Texto e fotografías: **Antonio Piñeiro**

No mes de xullo de 1916, máis concretamente o día 16, a corporación municipal de Vilanova dos Infantes, que aínda que na fala coloquial continuaba a utilizar, loxicamente a lingua galega e con ela o topónimo co que dende tempo inmemorial viñan denominando ó seu pobo –é dicir “Vilanova”–, ó pasar esta ó papel oficial transformábase de contado en “Villanueva de los Infantes”, decidiu –sen ningún expediente previo que se coñeza– transformar a lingua oral en norma administrativa e concluír en que a partir daquel día de verán a súa singular aldea, aquela á que lle cantara Curros –“Vilanova dos Infantes é vila de grande sona, non hai zapateiros no mundo que batan mellor a sola...”–, había deixar de ser “Villanueva de los Infantes” e pasar a ser coñecida tamén nos papeis municipais como Vilanova.

Os acordantes desta decisión, tal e como quedou reflectido na acta municipal daquel día, foron Ricardo Varela Méndez, que actuaba naquel intre como alcalde, ó que acompañaron Manuel Flores, Eliseo Bouzas, Juan Devesa e Manuel Fernández en calidade de concelleiros, dando fe do acto administrativo o secretario municipal, Cipriano González.

Se houbo ou non houbo razón obxectiva para tomar ese acordo só o saben os responsables do mesmo, xa que logo, por máis que un trate de procurar razóns nas actas plenarias previas do mesmo libro rexistral,

non aparecen nelas debates ou mocións que fagan pensar nesa necesidade.

A modo de lenda popular si que se conserva, sen embargo, na memoria dos máis vellos do lugar, que seica había un continuado problema de intercambios –mellor dito, de perdas– de cartas que viaxaban por España adiante nos vellos trens da época e en moitos casos nos burros ou cabalos dos carteiros, de aquí para acolá, confundindo as diferentes “Villanuevas” que se reparten pola longa e larga xeografía do país e dun xeito moi especial por outras dúas localidades que tiñan exactamente a mesma denominación terminal en nome e sobrenome có pobo de Xácome Mascareñas, Martiño e Xan de Ventrases. É dicir, a Villanueva de los Infantes da provincia de Valladolid, así como aquel “lugar de la Mancha” de cuxo nome Cervantes non quixo lembrarse e que é a actual Villanueva de los Infantes de Ciudad Real.

Velaí a razón de ser final pola que, no próximo ano cumpriranse nada máis e nada menos ca 100 anos, o daquela aínda municipio de Vilanova dos Infantes se converteu no, probablemente, primeiro municipio galego que fixo norma administrativa da voz popular e decretou a galeguización oficial do vello nome castelanizado “Villanueva de los Infantes” en Vilanova dos Infantes.



Vaia, como homenaxe os responsables municipais daquela, a transcripción literal da acta municipal daquel día, que paga a pena reproducir e que di así:

“Sesión de 16 de julio de 1916.

En las consistoriales de Vilanova, a diez y seis de Julio de mil novecientos diez y seis; reunidos los señores concejales cuyos nombres al margen se expresan, bajo la presidencia del Sr. Alcalde, don Ricardo Varela Méndez, se dio lectura al acta de la anterior y fu,e aprobada por unanimidad.

Acto continuo, por el Sr. Presidente se dio cuenta que, estando próximo el día 25 y 26 del actual, días en que el Ayuntamiento celebra a costa del presupuesto municipal el aniversario de la aparición de la Santísima Virgen del Cristal, procede que en el año actual como desde tiempo inmemorial lo viene haciendo el municipio, lo haga.

La corporación acuerda: que por cuenta de lo consignado en el presupuesto del año corriente, capítulo 9º, artículo 3º de gastos, se celebren dichos festejos en los días arriba indicados a cuyo efecto nombran al alguacil portero de esta corporación, don Ildefonso Araujo para que se encargue de los mismo según es costumbre, utilizando la partida consignada en los referidos capítulos y artículo, haciendo, si posible fuese, las ceremonias que sea posibles, y se levanta la sesión, y firman los señores concejales concurrentes a ella, de los que yo, el secretario, certifico.”

Como se ve, a galeguización do topónimo non contou con máis acordo có da transcripción en galego da localización do acto e que ven podería ser un simple erro de escritura se non fose porque a partir dese día o Concello de Vilanova non volve utilizar o topónimo en castelán nada máis ca en cuestións moi puntuais –que si teñen explicación no vello costume da utilización escrita do termo en castelán– ata que no mes de xaneiro de 1927 o municipio pasa a formar parte a tódolos efectos do municipio de Celanova.

Explicada, así, dun xeito fuxidío, a razón da centenaria galeguización do topónimo –que tempo

haberá de conmemorar– suxíreselle a calquera saber cómo son, onde están e o por qué da súa denominación exactamente igual, das outras dúas localidades, ás que segundo Xosé Luís Médez Ferrín deberíamos engadir outra pequena freguesía en Portugal, concretamente moi preto de Barcelos, que tamén porta garrida o nome de Vila Nova dos Infantes.

O NOME DE VILANOVA DOS INFANTES

Previamente, sen embargo, deteñámonos na razón de ser do nome. É dicir cómo xurdiu o mesmo, cando menos, no caso da “nosa” Vilanova dos Infantes.

Son moitas as interpretacións que se teñen feito respecto do nome orixinal de Vilanova, agora comunemente aceptado como “Vilanova dos Infantes”. Interpretacións non exentas de lendas, como é aquela que fala dun presunto parto múltiple por parte dunha veciña da vila que foi quen de traer ó mundo dunha sentada a nada máis e nada menos que a “once fillos”. Ou aqueloutra que di que as fillas do rei de León, Alfonso IX (a voz popular alude ó mesmísimo Alfonso X) pasaron tempadas no mosteiro fundado por Ilduara Eiriz, antes de que as súas inquilinas marcharan para Allariz.

O caso é que segundo foi estudado polo filólogo Ramón Lorenzo a partir duns documentos datados en 1358, 1369 e 1407 e descubertos por Xosé Benito Reza na igrexa de San Munio de Veiga, o topónimo ía acompañado da súa determinación en feminino, “eliminando a posibilidade que se ten formulado de que fose a forma masculina *dos Infantes*”.

A razón estriba en que na época medieval “infante é forma indiferente para masculino e feminino”, tal como recollen os documentos coa forma “Villa Noua das Jnfantes”, polo que o trazo que marcaba a femiñidade do topónimo era a partícula “das”.

O tempo, sen embargo, foi facendo que o neutro “Infantes” fose entendido polo común como un substantivo masculino, polo que a contracción acabou mimetizándose co substantivo e a denominación feminina mudando nunha extensión toponímica masculina.



Igrexa de Villanueva de los Infantes (Valladolid)

Non se trata, pois, agora de estudar por qué as outras dúas Villanuevas de los Infantes foron bautizadas así no seu momento, pero si de saber algo máis delas.

VILLANUEVA DE LOS INFANTES (VALLADOLID)

Ó leste da capital vallisoletana, a pouco máis de 20 km desta e seguindo a ribeira norte do río Esgueva pola terra chan de Valladolid, ó pé da estrada atópase un cunha pequena poboación denominada así, Villanueva de los Infantes, que realmente aínda que é termo municipal, supera en moi pouco número o cento de habitantes.

Segundo a descrición oficial recollida na súa páxina web, esta Villanueva de los Infantes no século XVI pertencía ás infantas de Huelgas de Burgos. Conserva un único vestixio nobiliario, que é o escudo da familia Rodríguez de Ubierna.



Praza do Concello



Outra fachada da Praza Maior da primeira aldea de Villanueva de los Infantes (Valladolid)

A igrexa parroquial de Santa María a Maior é de estilo mudéxar do século XV. Nela teñen sido descubertas unhas interesantes pinturas de tipo prerrománico.

O nome de Villanueva de los Infantes procede, polo que se sabe, dunha casa onde se di que no seu momento viviron as Infantas de Burgos, conservándose aínda hoxe algún vestixio desa casa que o testemuña.

De interese para o visitante ó que lle cadre pasar por alí, aparte das escolas de pedra franca e a casa do concello, do século XIX, é a igrexa de Santa María la Mayor, que está levantada sobre unha construción románica do século XII. O edificio actual é de estilo gótico-mudéxar do século XV, como evidencian as ménsulas de rolos sobre as que se sostén a cuberta da súa única nave. No século XVII foi obxecto dunha serie de reformas de estilo herreriano e posteriormente, como queda dito, foron descubertas unhas importantes e antigas pinturas sobre a parede, que estaban recubertas de xeso. O edificio posúe, ademais, unha torre anexa.

Polo demais, a aldea –por que no fondo non deixa de ser unha aldea das moitas que Castela reparte polas súas planicies- non pasa de ser un grupo de casas de adobe e pedra, onde o río constitúe un espazo altamente atractivo, que permite un paseo tranquilo pola súa vera.

Como única festa principal, o día 8 de setembro celebran a Virgen de la Torrecilla, onde as jotás e a procesión coa virxe, dan paso ás verbenas e a algarabía. Máis ou menos como acontece nas festas da Virxe do Cristal, unha semana despois.

E máis alá da información oficial, o certo é que unha visita a esta pequena Villanueva de los Infantes non deixa de ser un pequeno paseo polo silencio das terras de Castela, seguindo paseniño o curso do río Esgueva que tanto nome lle ten dado ós viños da Ribera del Duero. O mesmo silencio que se palpa nunha tarde de primavera, na propia aldea cuxos veciños viven basicamente da gandería e da agricultura e que se concentran na Plaza Mayor, onde se asenta o edificio da Casa do Concello, xusto por detrás da igrexa.



Templo Parroquial de Villanueva de los Infantes (Ciudad Real)

VILLANUEVA DE LOS INFANTES (CIUDAD REAL)

Outra cousa ben diferente é a Villanueva de los Infantes de Ciudad Real. Para chegar a ela hai que atravesar unha das ramas fundamentais da Ruta del Quijote.

Situada no sureste da provincia, no centro da comarca do Campo de Montiel, a mais de 100 km de distancia da capital e a pouco máis de 30 da vila de Valdepeñas e relativamente preto, así mesmo, das coñecidas Lagunas de Ruidera, non fai falla coñecer moito da historia de Villanueva de los Infantes para, o chegar a ela, decatarse de que o lugar arrecende historia por tódalas beirarrúas e soborda patrimonio polo resto dos seus recantos.

A vila conta na actualidade con preto de sete mil habitantes e, como acabo de sinalar, constitúe un importante conxunto histórico representativo do barroco e do renacemento manchego. O trazado urbano é moi simétrico e ofrece numerosos lugares de interese arquitectónico. Destacan numerosos edi-

ficios civís, relixiosos, pazos e casas populares de gran beleza. Nas súas fachadas consérvanse máis de 250 escudos.

Dende hai once anos a vila de Villanueva de los Infantes recibe o nome de “El Lugar de la Mancha”, é dicir, daquel lugar de “cuxo nome” Miguel de Cervantes non quixo lembrarse. E isto é así porque no ano 2005, con motivo do IV centenario da publicación da primeira parte do Quijote, un equipo científico multidisciplinar da Universidade Complutense de Madrid, integrado por dez expertos en Xeografía, Historia, Filoloxía, Socioloxía, Matemáticas e Ciencias da Información, dirixido polos catedráticos de Sociología Francisco Parra Luna, de Relacións Internacionais, Santiago Petschen e o literato Manuel Fernández Nieto publicaron un estudio interdisciplinar baixo o título “El lugar de la Mancha es... El Quijote como un sistema de distancias/tiempo”, baseado no cálculo de distancias e tempos que Cervantes relata nas andanzas de don Quijote e nas referencias que o mesmo fai de tardanza entre aquel lugar sen nome e outras localidades dos arredores que Cervante si cita no famoso



libro e que finalmente lle outorgou precisamente a Villanueva de los Infantes o honor de ser fixado como o lugar da Mancha escollido por Cervantes como patria pequena de don Quijote e Sancho.

Pero, máis alá desa circunstancia, que xa de seu lle concede a esta Villanueva de los Infantes un lugar preferencial na literatura española, aínda hai outra que reforza esa condición de vila literaria que centra unha boa parte da súa actividade cultural anual precisamente no ámbito das letras.

Francisco de Quevedo y Villegas, que, se ben, naceu en Madrid no ano 1580, morreu en Villanueva de los Infantes no ano 1645. Como é ben sabido e así o explican no portal informativo do municipio, foi este un “culto, libre e insobornable que lle legou á literatura universal unha das máis vastas, complexas

e variadas obras da súa historia”, e que o converteu nun dos escritores mais destacados do Siglo de Oro Español.

O insigne escritor e poeta frecuentou ó longo da súa vida a localidade de Villanueva de los Infantes onde acostumaba a departir cos diferentes persoeiros do campo do humanismo que tamén se daban cita daquela na cidade, capital de Gobernación do Campo de Montiel. Por esta e por outras razón, moitas das súas obras están datadas en Villanueva de los Infantes. Algunhas delas son “De los remedios de cualquier fortuna”, “Excreción contra los judíos”, etc.. E nesas terras manchegas será onde lle pon fin a “La vida de Marco Bruto y otras obras en verso”, cando no ano 1643, achacoso e enfermo, decidiu retirarse definitivamente á Torre de Juan Abad, para falecer finalmente en Villanueva de los Infantes, no convento dos Dominicos, o 8 de setembro de 1645.

“...Que me apretó tanto mi mal en estos días, que determiné llevar mi cuerpo al convento de Santo Domingo, de esta villa, por la devoción que yo le tengo a la religión, a su santo patriarca y al angélico doctor, pareciéndome que para vivir o morir era toda la buena disposición que podía desear. En entrando a la casa parece que resucité y diéronme los

padres della una celda admirable, y todo los doctos y religiosísimos me asisten, de manera que tengo grandes esperanzas y breve convalecencia” (Así se manifestaba, Quevedo y Villegas, o día 5 de abril de 1645).

O seu corpo foi inhumado na Cripta dos Bustos da parroquia de San Andrés e, posteriormente case un século despois, tódolos restos que había nesa cripta foron trasladados á Sala Capitular do templo e alí , permaneceron ocultos ata o ano 1955. Finalmente, os seus restos foron identificados no ano 2007 por un equipo da Escola de Medicina Legal da Universidade Complutense de Madrid.

A omnipresencia de dous autores tan fundamentais da literatura española e universal fixo que, con motivo do 400 aniversario do nacemento do poeta promovesen a constitución en Villanueva de los



Casa Consistorial de Villanueva de los Infantes (Ciudad Real)

Infantes da Orde Literaria “Francisco de Quevedo”, concretamente o día 7 de abril de 1980.

Dende entón, e van xa 35 anos, esta orde literaria celebra nos “atardeceres” do mes de agosto un Certame Poético Internacional que cada ano prestixia máis á propia orde, así como a Villanueva de los Infantes.

A finais de cada mes de agosto e coincidindo coas tradicionais feiras e festas da localidade celébrase o acto principal para a lectura dos traballos premiados, a investidura dos cabaleiros e a entrega dos premios no patio central dos claustros do Convento de Santo Domingo, con cerimonia e indumentaria ó uso e costumes do século XVII. Como complemento a todo elo, a orde literaria acostuma a convidar a un persoeiro erudito e coñecido, que diserta anualmente, como mantedor do certame.

Queda por describir o lugar sobre o que Méndez Ferrín me leva alertado algunhas veces e co que, por máis que sexa o que se atopa xeograficamente máis preto, aínda non din e, polo tanto non puiden fotografar.



Panorámica da Praza Maior de Villanueva de los Infantes (Ciudad Real)

Tempo haberá, sen embargo, para localizalo e completar o cuarteto. En canto, sirva esta apurada referencia para provocar que, senón de pé feito, cando a calquera que lea isto e que sexa un admirador da nosa Vilanova dos Infantes lle cadre pasar por preto, collan o desvío axeitado e se acheguen a calquera destas dúas irmás da Vilanova matriarcal de Curros Enríquez e se acheguen a elas. Con toda seguridade –cal cal polas súas propias circunstancias- ningunha delas o deixará indiferente.



A Virxe do cristal

UNHA REPORTAXE FOTOGRÁFICA DO 1922
DE J. PINTOS

A colección fotográfica que se recolle neste traballo constitúe o ensaio de representación fotográfica que Joaquín Pintos fixo sobre a Lenda da Virxe do Cristal, basándose na obra poética de Manuel Curros Enríquez. Esta obra foi gañadora do *Concurso Exposición Regional de Fotografías* que se celebrou na segunda quincena de Xullo do ano 1922, organizado pola *Sociedade Fotográfica da Coruña*.

A mostra consta de 16 fotografías e os fragmentos do poema de Curros ós que representa.

Os orixinais correspondentes a esta exposición atópanse depositados no Museo de Pontevedra, cidade natal do autor das fotografías.

Esta reprodución permaneceu durante o mes das letras no vestíbulo do Auditorio Municipal Ilduara de Celanova coa intención de, por una banda, conmemorar a figura de Filgueira Valverde con motivo do Día das Letras Galegas 2015, e por outra, dar a coñecer a importancia do patrimonio relacionado coa Terra de Celanova, e en particular ó de Vilanova dos Infantes, nunha data tan representativa como a celebración da Romería Etnográfica Raigame.



*Preto d'a cibdá de Ourense
Camiño de Celanova,
.....
Erge as torres un Castelo,
Feito alá n-eras remotas
.....
Pois diz que foi levantado
Por una princesa moura,
Dendes da posta d'o sol
Hastr'a saída d'aurora;
.....*

*Alá pol-o ano de gracia
De mil seiscientos e trinta,
Era dono d'o Castelo
Qu'en Vilanova se ve inda
Don Xácome Mazcareñas
.....*

*Entre a baixa servidume
Que don Xácome mantiña
Para que lle coide dos eidos,
D'os bes e d'as regalías,
Estaban Martiño e Rosa;
.....*

*Orfos entrambos á dous
Sin amparo n-esta vida,
Servindo os dous ô mesmo amo
Topáronse certo día
D'estonces, Martiño e Rosa
Sentiron ò alma ferida,
E quizais que se morreran
De mal de melancolía,
Se una mañá non quedaran
Noivos ò sair d'a misa.
.....*





*Moito deben de quererse
Os criados de Mazcareñas,
Moito deben de quererse
Cando tanto parrafean.*

.....
*Pero hai quen xura e perxura
(Nunca faltan malas linguas)
Que d'eica que os namorados
Sallan xuntados d'a igrexa,
Han de pasar moitas cousas
Y han de nacer moitas herbas...*

.....

.....
*Martiño, ¿qué diaño
Tes boxe? ¿Non falas?
¿Pra estar com'o moucho
Viñeche d'a sachá?
Si cando te fuches
Noxado n'estabas
¿Qué frema trouxeche
D'o monte pr'a casa?...
¿Picoute unha cobra?
¿Guindóuche unha galla?
¿Saíronche os lobos?
¿Botáronche a fada?...
Responde, Martiño,
¿Qué tes, que te calas?*

.....
*--- ¡Qué teño! Direicho...
Pois... ¡téñoche lástema!
¿Treidora*

*--- ¡Dios mío!
--- Fiai de rapazas
Que din que vos queren...
¡Fiai de palabras!...*

.....





*Namentres, ¡coitadiña!, a nena namorada,
De pena esmorecida, chorando a fío está;
Mais vive d'o Castelo n-a cámara aleixada,
Por qu'eu xurar xurara, ô pe d'un crucifixo,
Que á nadie más qu'el quixen, nin pensó máis querer.
"Se probas m'el pidira e darlas eu pudese;*

.....
De solouzar ô cabo e pelexar cansada

Con tanto pensamento que n-a cabeza ten,

*A coitadiña Rosa deitouse apesurada,
N-o cabezal chantando a fatigada sen.*

*»Non chores, miña pequena,
Non chores máis, pastoriña;
Eu velo por ti, miniña,
Ti d'a miña conta estás.«*





-- Moito madrugas hoxe --
Dixo Xan de Ventraces a Martiño
Topándoo c'unha cara de forruxe
Pol-a mañá moi cedo n-un camino.

-- Nunca fun perguiceiro --
Repúxolle Martiño de mal modo,
Porque Martiño é pouco paroleiro.
-- Pois fillo, así é todo,
Outrol-o seu negocio fan primeiro...

.....
Non hai muller que non se ría
D'o parviño qu'és ti...

.....
¿Non che abondou canto dixeches onte?
Líscate, Xan líscate axiña, pronto
Que sin que nadia o note nin sospeite,
Cando me fagas falla, buscareite...

.....
¿Que si de hoxe n-un mes conta no deres
D'a honra de Rosa, á que furtache ò creto,
¿Heiche crabal-a lingua n-un espeto
Para escarmentó de homes e mulleres!

.....

.....

Martiño camiñaba
Máis triste cada ves, a toda prêsa.
¿Cantas bágoas choraba
Por aquel camino dá devesa!

.....

»Traballar toda a vida;
Andar bregando sempre c'o esta aixada
Para conservar sin lixo, ennobrecida,
A limpa fama de meus país herdada.
E de pronto escoitar de boca allea
Unha mañá, n-o medio d'un camino:
Mira o que fas, Martiño,
Que che se rin de ti por tod'aldea...

»¿Ay!, co'estes comparados,
¿Nada os tormentos dós condenados!
¿Será verdade, Xan de Ventraces?... ¿Dimo!
¿Ten piedade de min, d'estas bagullas,
D'este inferno en que ximo,
Devorado por dentes como agullas!
Eu non sei si te crea,
Pero... ¿Virxe María!
Si dixeses verdade eu morrería...
¿Serál-o demo? ¿Arrenegado él sea!»



.....
*Brillóu entón, de súpeto,
N-os ceos un relampo,
Qu'espaxando a brétema
N-un rayo reventóu.*

.....
*Pouquiño á pouco os párpados
Abrindo, persinóuse,
Y-ô ver pasada cáxeque
Tan formte tempestá,
Saniño e salvo véndose, D'a terra levantóuse
E d'a cañota cóncava,
Saíu tranquilo xa.
Mais inda ben, ¡meu ánxele!,
Non dera unha zancada,
Cando trasposto en xúbilo
N-o chau se acrequeñóu.
»¡Nunca eu nacera!... «, díxose
E recabando a aixada,
Unha non vista endrómena
D'a terra levantou.
Era unha pedriña pedra... ,
Era unha pedra pedriña,*

*Como un ovo de galiña.
Tallado en fino cristal;
Unha pedra primorosa,
Elíptica, limpa, pura,
de artificio e soldadura
Sin siquera unha sinal.*

.....
*¡Qué hermosa está dentro d'ela,
Que linda Nosa-Señora!*

.....
*Quíxose pôr de arrudillas,
Quixo quitarse a monteira
E gardar n-a faltriqueira
O milagroso cristal;
Pero d'os seus pensamentos
Segunda ves asaltado,
Decindo: » ¡Estou rematado! «
Tiróuno d'un saque ô val.*

.....



.....
*Todo o pasache rindo... Todo se pasa
 Mentres que quede a honra dentro d'a casa;*

*Pero, ¡ay de ti!,
 Despreciaches un home por pretendente,
 E destonces tua fama, de xente en xente
 Vai por abí...*

*¿Qué fixeches, Rosiña desventurada,
 Que fixeches?... ¿Estabas empecatada
 Para tal faguer?*

*Despreciar por Martiño, Xan de Ventraces...
 Non sabes d'o que os homes che son capaces.
 ¡Pobre muller!*

.....
*» ¡Non hay pena como ésta tan horrorosa!
 Non hay pena como ésta! «, marmura Rosa
 N-o salgueiral,
 E de pronto a coitada para ò chau mirando
 Recolléu d'entre as herbas toda tembrando.
 Aquel cristal*

.....
*» ¡Asús, que galanura! — repuxo — ¿Estarei cega?
 Vestida de gallega a reina d'a hermosura,
 ¿N-a miña mau, afé?
 ¡Non pode ser! ¡Toleo!... Riráse ò que ll'o conte;
 Pero eu soñei nantronte que viña dende ò ceo
 D'a miña cama ô pe.*



*» e mira... e rebuldexa... e rise a santa imaxe...
 ¡Cómo me amostra ò traxe! ¡Cómo me parpadexa!
 ¡Algo me vai pasar!
 ¿Qué dis?... ¡Falarme quere! ¿Escoitaréina? ¡Cala!
 ¡Pois é verdá que fala!... ¿Señora?... ¡O que quiere!
 Xa estouvos a escoitar.
 »Que acod'a cita? ¿E logo?... ¿Qué ven por Dios man
 Para que me vexa bonrada ò qu'en celoso fogo
 Xusgóume criminal?
 ¡Señora! Unha pastora, baldón de toda a xente,
 Non era merecente de têr tal defensora...

 »¿Qué farei eu, croyiño, que agora máis che agrade?
 ¿Levarche ondeò abade? ¿Levarte onde a Martiño?
 ¿Qué diaños eu farei?*



.....
Esta noite en Vilanova

É noite de fuliada;

Que así o dispuxo ò Concello

Y-o señor abade o manda
.....

.....
*Xa fixo un mes que Martiño
Tivo con Rosa palabras,
E inda as paces non fixeron,
Porque a tesón nadio os gana;*
.....

*Por fin, cando xa Martiño
Se iba meter na sua casa,
Rosa somóuse, y-entonces
Trabaron estas palabras:*
.....

*-- Dios che faga tanto ben
Como lle das á miñ'alma;
Que dende que non te vexo
Parece que algo me falta.*

*-- Non te me veñas co'esas,
Martiño, que... todo acaba...
¿Non te acordas xa d'a noite
Que treidora me chamabas?*
.....

*-- Escoita:
Esa noite mal fadada*

*Dixécheme: »Estou tan limpa
Como un cristal. «¡Ben falabas!
Porque â mañá d'outro día,
Sin que ti me as amostraras,
Dios mesmo me daba as probas
D'a pureza d'a tua y-alma.*
.....

-- Martiño!

¿Qué dis? ¿Qué falas?...
.....

*¡Cala... e vaite! Si eu non poden,
¡Que outra feice che faga!*

-- Y-así... me deixas... Rosiña?

-- ¡Martiño... a Virxe m'o manda!





.....

*Entonces unha risada,
Bulrona chegóulle ô oído...*

.....

*-- ¡Raxo de Dios! — dixo ô punto,
Todo en cólera acendido; --
¿Quen se ri?*

-- Xan de Ventraces

.....

*-- ¡Fólgome! Así como así,
Teño unha deuda contigo
E vouna cuimprir agora.*

-- Cantas queiras. Veño listo

-- Pois abonda de parola

-- Abonda, o mesmo che digo.

-- Car'a Soutoverde, Xan

-- Car'onde queiras, Martiño

*Pol'a mañá d'outro día,
N-o monte de Soutoverde,
Por cima de Vilanova,
Non se cabía de xente.*

.....

*Uns din: >>Pol-o que de longa,
A d'unba besta parece.<<
Y-outros: >>Pared de d'un bácoro,
Según a sangue que verte.<<*

*Estando n-estas e n-outras,
Sin saber cómo, corréuse
Q'era Xan de Ventraces
Aquel cativo presente.*

.....

*A xusticia andivo tola
Precutando o delincoente,
Mais como Xan non falaba,
Non pudo darse co'ele.*

.....



Martiño fíxose ò zorro,
E cando a que tanto quere
Foise á Allariz meter monxa,
El, anamorado sempre,
Foise detrás para viviré
D'o seu conventiño enfrente.

--¡Probe rapaz! Unha noite
D'o frío e triste decembre,
D'a profesión de Rosiña
Pasados xa catro meses.

Martiño ô pe d'o cenvento,
Ardendo en morosa febre,
Estaba mirando a reixa
D'a celda en que moitas veces
Se lle figuróu de Rosa
Ver ò sembrante celeste.

.....
De ves en cando ò coitado
Sin darse conta estremécese,
Harripíasele ò corpo
E bate dente con dente.

.....
Martiño, n-aquel istante
Ver a Rosa parecéndolle,
Quixo falarlle... e non pudo...
Asospiróu... e morreuse.

Leutores, se olvidando d'o mundo os traballiños
Vos fórades de paseo de Vilanova ô val,
Entrade respetoso, entrade caladiños,
N-a primorosa ermida d'a Virxe d'o Cristal.

Si escasos de fortuna bicades a sua pranta;
Si á visitala vades faltiños de saíu,
Secorrerávos logo a milagrosa santa;
N-o mundo non hai outra que teña máis virtú.

De tristes agarimo, de pobres esperanza,
D'os namorados guía, sostén d'o labrador,
Canto de Dios quiere, tanto de Dios alcanza;
Non hai quen lle non deba consolos e favor.

Cando eu era pequeno, por miña nai levado,
D'a aparición pedinlle a lenda celestial;
Si cal a deixoi escrita no fôr d'o voso agrado,
A culpa non votedes â VIRXE D'O CRISTAL





Foto Torcuato Fandila

A Virxe Do Cristal



SEGUNDO O PADRE VILLAFañE

*A*índa que a voz popular e a tradición oral seguen vivas hoxe mesmo nos veciños de Vilanova dos Infantes en todo canto ten que ver coa aparición e a conservación da Virxe do Cristal, os primeiros datos escritos -moi probablemente dos que bebeu Manuel Curros Enríquez- son os que no ano 1726 escribiu o xesuíta Jesús de Villafañe no “Compendio histórico de los principales santuarios e España” e que transcribiu ó libro do santuario o párroco de 1827, co fin de que quedasen para a historia os principios que amparan a aparición da fermosa e inusual peza de vidro “de orificio e soldadura/ sen sequer unha sinal”.

Conta nese traballo, o padre Villafañe, que á virxe chámalle do Cristal “porque con estraña maravilla está formada en lo interior de una columnilla o cilindro de cristal sólido, de poco más de tres dedos de alto, y la imagen tendrá poco más de uno, registrándose la imagen de una señora, por un lado con las manos puestas y en ellas un rosario, el manto azul y el vestido encarnado, y por otro lado del Cristal se manifiesta con las manos cruzadas y el mismo vestido con el rostro algo inclinado y las facciones se divisan menos perfectas”.

Así mesmo, o xesuíta tamén se detén nos feitos que deron lugar á aparición, sostendo as súas escrituras “en lo que consta por tradición constante de los naturales de esta villa y anotaciones que halle en los libros de este santuario” e describindo o suceso de tal xeito:

“En el siglo pasado, por los años de 1630, trabajando un labrador en una heredad que tenía junto a la fuente que llaman “La Fervenza”, al pie de un arroyo que baja del sitio que llaman Porto de Outeiro, y distante de la capilla actual como cincuenta pasos, halló el cristal con la imagen dicha de Nuestra Señora y aunque advirtió la singularidad, no haciendo mucho aprecio

de lo que por si y por las circunstancias merecía mucha admiración, metió el cristal en la faltriquera y prosiguió trabajando como antes, pero a poco tiempo advirtió que el cristal pesaba tanto que no le dejaba fuerzas para poder moverse. Admirado con tan extraordinario suceso, sin saber ni detenerse a discurrir lo que era, sacó el cristal de donde lo había guardado y lo arrojó en le suelo, no haciendo estimación del favor que le hacía el Cielo.

A las nueve de la mañana del día siguiente, sábado veintiseis de julio, pasó por aquel sitio una pastorcilla y hallando el cristal le tomó en la mano y admirada de lo que veía, con más prudencia que el labrador que no apreció tal dicha, se presentó al cura de Villanueva que al tiempo era don Juan de Barros y le entregó el cristal diciéndole el sitio donde le había hallado.

Gozoso sumamente el abad con tal presente, por el beneficio que el cielo hacía a este país y con particularidad a sus feligreses depositarios electos por el Altísimo para la custodia de tan preciosa joya, y después de contemplar la maravilla de estar formada la imagen dentro del cristal, consultó el caso con el Ilustrísimo señor Obispo de Orense, quien la mandó poner a la pública veneración y que se fabricase una capilla en el lugar más cómodo y contiguo al sitio donde fue hallada. Y, corriendo la voz por los lugares más cercanos, comenzó a concurrir gente, atraída de la noticia de un caso tan raro y de los milagros que el Señor se dignó obrar por medio de aquella Santa imagen de su madre.

No solo corrió la voz por todo el Reino de Galicia, sino que también llegó a a corte de Madrid y el Rey católico Don Felipe IV quiso verla y examinar si la imagen que se registraba dentro del cristal era obra del arte o efecto sobrenatural. (...)”, concluído que a imaxe era de tal rareza e inexplicable confección que axudou a reforzar o culto e a veneración que se achega ata os nosos días.



Fachada principal do Santuario do Cristal

XABIER LIMIA DE GARDÓN

Profesor Dr. H^a da Arte, UNED/
Ourense.

CADROS DO CRISTAL, NAS TERRAS DE VILANOVA

Xabier Limia de Gardón

CADRO PRIMEIRO/ ALBA, COA CONTRARREFORMA, NO BARROCO

No contexto da Contra Reforma católica de Roma, está a orixe da Virxe do Cristal. Como resposta ás divisións da Igrexa Católica, dende a Reforma de Lutero, xurde o Concilio de Trento, cuxos mandatos fan cumprir os Bispos nas Constitucións Sinodais, e nas Visitas Pastorais. Búscase un impulso do culto, con novos santos, reactivando os máis coñecidos da Idade Media, e multiplicando as procesións. Nos tempos do Antigo Réxime, os Bispos, Señores de terras e almas, e os Nobres, son os Estamentos que controlan o vivir. Vilanova dos Infantes é Vila do Conde de Monterrei. Na contorna, a sombra da Abadía bieita de Celanova, unha das máis salientables do Antigo Reino de Galicia, non se debe esquecer.

Así, nunha devesa das terras da Vila, 'do lado de Levante', na primeira metade do século XVII, Martiño, 'rapaz de moito aguante [que levaba] sete



Capela Maior do Santuario

horas de traballo seguidiño' cando 'as gárgolas do ceo... tanta chuva mandaron [e] caía com'on raio cada gota', e 'unha non vista endrómena / da terra levantou. / Era unha pedriña pedra / era unha pedra pedriña, / com'un ovo de galiña, / tallado en fino cristal'. Rosa, a súa namorada, 'pura com'un cristal, dixo onte a noite', historia popular da bisbarra que puxo en galego en inspirados versos o vate Curros no ano setenta e sete da décimo nona centuria.

Nas fontes arquivísticas parroquiais rexístrase con precisión asombrosa no 6 de xullo de 1630, sábado, ás nove da mañá: unha acaída 'inventio' nun día mariano por excelencia. O lugar dos feitos foi no leste da Vila, cara o val do Ourille, onde se faría o santuario. A primeira capela constátase no horizonte documental trala visita parroquial de 10 de maio de 1659 do Cóengo Antonio de Ulloa Calderón. O Abade Juan de Barros e Cid faille a petición: «la villa... desea



Retablo baldaquino procesional da Virxe do Cristal

hacer una ermita y capilla particular... para colocar la ymagen de Nuestra Señora del Cristal». Levanta a obra Sebastián Conde, mestre de cantería de Celanova, constando en 1665 como feita, por máis que dez anos despois insistírase en que se remate. Para ela, co incremento das esmolos e doacións por mor do pulo que acada o culto, farase un singular altar maior, sobranceira obra de arte.

SEGUNDO CADRO / UN RETABLO BALDAQUINO PROCESIONAL

No centro da capela está o retablo-baldaquino, aberto nas súas facianas principais con arcos de medio punto en dirección ós puntos cardinais, para que os fieis poidan deambulalo en procesión; planta que é, en realidade, octo-

gonal, disimulando estes ángulos o mestre Francisco de Castro y Canseco, escultor e arquitecto, con tres columnas salomónicas corintias en cadanseu lado. Nas pequenas ían esculturas, agora enriba, con instrumentos musicais de corda, mais permanecen as da fronte, con pequenos escudos coa inscrición «*Ecce Agnus Dei*», alusión eucarística consonte co lugar, así como as follas de vide e acios das columnas. Nas centrais, de canon maior, sobor dos capiteis levan outro soporte decorado para mellor soste as amplas cornixas angulares que levan grandes estatuas. Estas representan as Virtudes Cardinais, Prudencia e Xustiza, Fortaleza e Temperanza. No cumio da cúpula ochavada aberta, da que arranca o artificio sobre elevado para a coroación co Xesús-Neno sobor da bola do mundo con cruz-pendón. O relevo dianteiro coa escena da Anunciación, alude á festa principal primeira, que se facía daquela en marzo, cambiada mediado o século dezanove pola do Doce Nome de María en setembro en relación coas Sete Dores de María, logo dun andacio de peste. No interior da cúpula, hai outro baldaquino pequeno no que vai a Virxe do Cristal. No centro do baldaquino vai o expositor, de sólida base en forma de niño con serafíns e anxos entre nubes, e nos ángulos catro ás decoradas con esfinxes abaixo e atlantes nas partes rectas a modo de fuste de outro pequeno baldaquino de sección cilíndrica cuberto de cúpula. E todo elo para colocar o viril nunha columna sobor da que se asenta un terceiro baldaquino, moito máis pequeno, con pináculos cúpula e acrótera baixo o que o abade coloca a peza de ourivesaría que



Vista da cúpula da Capela Maior

protexe e realza o Cristal coa imaxe dobre da Virxe. A decoración de carnosas follas en trazas curvas invade todo o conxunto con un efecto de cova marabillosa. Unha obra de Francisco de Castro, que se debe poñer en relación con outras súas, como o altar maior da igrexa monástica de Celanova, e o do Santo Cristo da Catedral de Ourense, onde traballou o gran artista de orixe leonesa, ademais dos retablos da igrexa ourensá de Santo Domingo e o mosteiro de Oseira, onde fixo a fachada.

Viuno acabado de poñer o frade da Compañía de Xesús Juan de Villafañe, que estivo no lugar en 1722, deixando unha descrición da obra, culto e milagres. E logo de sinalar a súa orixe e de referir tres milagres, conclúe co *'caso de un*

caballero de la ciudad de Orense', que se comprometeu a facer o retablo do altar maior en acción de grazas por acadar da *'Santa Imagen'*, reverter o matrimonio estéril que tiña xa que logo da oración de intercesión do capelán do Santuario, *'consiguió tener una niña'* -usual estilo de referir patrilineal-, especialidade taumatúrxica que se quere promocionar, o da *'sucesión a los casados que carecen de ella'*. O xesuíta deixa claro que foi un pacto previo do abade co nobre: *'un Tabernáculo de obra moderna muy bien ejecutada, y esta colocada en una columna de plata sobredorada con su coronación, y dos ángeles tambien de plata sobredorada a los lados'*. Estes serán os que están agora aos lados do sagrario, obra recente que imita a peza de ourivería do Cristal.

CADRO TERCEIRO / CAPELA MAIOR NEOGÓTICA, AVANT LA LETTRE

A pequena ermida pronto queda desbordada de fieis. Para mellorar a súa comodidade, e o culto, o cura-párroco de Vilanova Bernardo Álvarez Lodeiro decide a transformación da capela maior convocando para elo en 1751 concurso público, sendo o elixido o proxecto de Carlos Vidal, mestre de cantería, da freguesía de Santa Mariña de Augas, en Cotobade (Pontevedra). O mestre fai unha notable obra de estilo Gótico *sui xénere*s evitando os contrafortes angulares coa magnífica cantería asentada en rocha firme para soste a bóveda de arcos apuntados, e debuxo estrelado con terceletes, e diagonais. Orientada cara o S., adórnase con



Marcas no exterior da fachada sur da Capela Maior



Inscripción na verxa interior da porta principal do Santuario do Cristal

catro claves en rombo decoradas con flores: as do eixo norte/sur de oito pétalos, que no eixo leste/oeste son dezaseis (e oito no interior). A quinta, no centro, ten vinte catro: todo un código simbólico. Os esquinais teñen forma de piar con bases toscanas, e un senlleiro friso e cornixa. No exterior do testeiro, vense debuxos de trazas, que serán as 'varas castellanas' (e 'cuartas'), unidade de medida que se especifica no contrato. Teñen pasado desaper-

cibidas. E tamén a 'M' de grandes dimensións que hai na parede W. da sancristía, monograma mariano. A nave da capela antiga era máis baixa, como se deixa ver polas marcas en pendente enriba do arco triunfal apuntado. As súas formas que evocan o serodio estilo Gótico deixan ver, unha vez máis, a supervivencia deste estilo medieval que tanto gustou á Igrexa, aínda que as estruturas románicas adoiten ser renovadas no Barroco.

CUARTO CADRO / NAVE, FACHADA... E PETO PARA AS ESMOLAS DA VIRXE

Por volta de 1752, a ermida ten unha nova e grande capela maior con un corpo pequeno e vello. Amplitude no presbiterio para o culto, mais escasa para os fieis, que acoden en gran número, logo dun troco tan notorio. Mais os reitores parroquiais, e os Bispos, pretenden que a transformación sexa total, e vinte anos despois inician unha gran campaña operaria, a da nave e fachada, iniciada polo Abade José Sánchez a finais de 1771, sendo Bispo D. Alfonso Francisco Arango. Co seu sucesor D. Pedro Benito Antonio Quevedo e Quintano será cando, cara 1796, se rematen as obras, para o que foi decisiva a realización en 1785 do sobranceiro peto para as esmolos, e a concesión de indulxencias aos devotos, como recolle escrito unha cartela nas portas interiores principais. Derrúbase así a vella nave e faise unha estrutura de grandes dimensións, de superior tamaño á nova cabeceira (sen as capelas laterais, abertas no século XX). Faise de bóveda de canón con faixóns, que se apoian en esveltas pilastras, decoradas con faixas en resalte, o que engadido ao friso convexo e dun aleiro de gran voo con entrantes e saíntes en ángulo nos fala do estilo Barroco, nos seus estertores finais, batendo con elementos do Rococó e algúns incipientes do Neoclásico. As tres fiestras por lado resaltan os tramos, no do medio van as portas laterais, e no dos pés hai tribuna iluminada pola gran fiestra da fachada. Ata ela se sube por escaleira intramuros e dende aquí se pasa á torre que marca a proa da nave cara o



N. A fachada ten un gran efecto ascensional, derivado da integración dos corpos baixos coa base da torre, efecto reforzado polas pilastras laterais con unha fonda faixa recta no interior. Enriba dos capiteis o arquitrabe xónico en tres faixas, o friso convexo, e a ampla cornixa do aleiro pechan en anchura toda a nave e preparan a tripla remate en altura. Mais a forza é unidireccional cara a torre, debido á boa solución do mestre arquitecto sobor da fiestra, pois a gran placa de bordes curvos corta o entablamento descrito, baixando ademais en disposición de ar heráldico pola presenza de sete paus no seu campo semicircular. Os dous corpos da torre, cuadrangular o das campás, con balaustres, e o superior, cilíndrico con cúpula, e gran pináculo no cumio, levan pináculos con acroterio nos ángulos, e aínda tamén na cúpula, elementos visuais que a enriquecen. Máis baixos, enriba das pilastras, van os dous corpos cilíndricos que conclúen en arcos cuatrimpartitos con pináculo central, un elegante remate. Na portada, con pilastras, e tímpano aberto no centro para a fornela baixo tímpano pechado, onde está unha escultura recente da Virxe, obra basta e falta de graza que desmerece o santuario. O barroquismo se concentra nas molduras en relevo da porta, con perfís mixtilíneos que se repiten, máis anchos, en tódalas fiestras. Polo estilo, esta sobranceira igrexa, é cabeza dunha serie de parroquiais coetáneas. Así as de Santa María de O Campo (Irixo), erixida entre 1776 e 1790, e a de San Martiño de Vilarrubín (A Peroxa). E aínda hai outra con un ar semellante, a de Hermisende (Zamora, terras de Sanabria), obra dos 'lindeiros da



Capela lateral aberta no século XX

Interior do Santuario



*Capela petitoria do Cristal*

galegidade' que hai que poñer en relación. No estrutural e decorativo teñen todas un ar de familia, sendo a do Cristal a máis unitaria, pois en aquelas a fachada sepárase das torres. O compromiso de José Sánchez, o Abade que iniciou a magna ampliación, pódese dicir que quedou cumprido con creces, acadando dende '*lo bien ejecutado de su Plan, ser el templo mas hermoso de todo el Valle*'. A elo contribúe sobre maneira o adro murado, con bancos, e a escalinata dianteira á imperial...

Completa a campaña construtiva o peto da Virxe, como indica a inscrición do tímpano: '*LIMOSNA / PARA / NUESTRA SEÑORA / DEL CRISTAL / AÑO 1785*', sobranceira capeliña petitoria hoxe en día no campo que circunda o Santuario. Toda de pedra, ten dúas partes, o adro con bancos e o peto das esmolos na primeira, onde os romeiros se achegaban a rezar,

e se protexían das inclemencias meteorolóxicas; e trala porta de arco pechada por reixa, a cabeceira, con senllas fiestras laterais, que dan luz ao altar e retablo. Este é presidido pola Virxe nunha mandorla con raios, distinta da iconografía do Cristal. Efíxiase sobre tres Serafíns, asunta ao ceo, e vai coroada por Anxos, habendo nenos nús andróxinos en oración aos pés e nos lados do retabliño. Enriba Deus Pai, imaxe Trinitaria. E na base, en alusión á caridade, dous santos franciscanos, en actitude idéntica. A ornamentación dos lados semella Rococó nas formas mais xa non o é pola simetría que amosa, idéntica á sinalada nos irmáns da Orde mendicante. Ten sido trasladado con teimuda periodicidade secular (1897, 1999) polos curas párrocos. Xa sen uso para, agora é, apenas, un monumento. Os pináculos con acroterio, e a cruz rematan esta obra de gran nivel de arte, de estilo Neoclásico.

QUINTO CADRO / CERNE DO CANON POÉTICO DOS PRECURSORES

Do tema local á universalización no mundo galego dende a poesía de Manuel Curros Enríquez. A nai do vate celanovés, que era da Vila, e as lembranzas de cando neno tiveron a culpa. Eis o primeiro poema narrativo extenso da literatura galega, como se ten dito, dende as formas románticas de José Zorilla mais xa dun xeito máis realista, consonte coa época. Con anterioridade á xestación de '*A Virxe do Cristal*', en 1877, obra con perfil para o premio perseguido nos Xogos Frorais de Ourense, tiña escrito do tema en '*El Maestre de Santiago (leyenda)*', mais aínda non investigara o tema, que situaba daquela nun remoto pasado medieval, no século XII. O drama, de trágico final, conclúeo facendo unha invocación aos '*Leutores, s'olvidando do mundo os traballiños / vos fordes de paseo de Vilanova ó val, / entrade respetosos, entrade caladiños / na primorosa ermida da Virxe do Cristal. / (...) Cando eu era pequeno, por miña nai levado, / da aparición pedínlle a lenda celestial; / si cal a deixo escrita non for do voso agrado, / a culpa non botedes á Virxe do Cristal*'. Seguidor seu é Ramón Cabanillas, quen tamén estivo como Curros en Cuba, illa na que publica a súa primeira obra, con encomiástico prólogo de Basilio Álvarez. Coñece así o poema currosiano, que axeitará para ópera seguindo os ideais da Xeración Nós, en 1924, segundo o texto editado fai uns anos, datado en Mondariz. Nel léese, '*¿Qué luz estrana me fire? / ¿Que estrelliña mensaxeira, / Que salación milagreira / Mirei do*



Retablo do peto da Virxe do Cristal

ceo caír? / ¿É que soño ou que me cega / Esa pedra brillante...? / ¡Si vexo a Nosa Señora / Dentro dun croyo locir!” (Martíño, no Paso 2º, vv. 262-269). ‘¡Asús, que galanura! ¡Asús? ¿Estaréi cega? / ¡Vestida de galega a reina da hermosura! / ¡Na miña mau, afé!’ (Ibidem, Rosa, no Paso 2º, vv. 286-288). O poeta de Cambados foi, en palabras de Euxenio Montes -outro ourensán-, ‘o derradeiro precursor’.

BIBLIOGRAFÍA E FONTES

Para a elaboración destes Cadriños Culturais, do Patrimonio artístico do Concello de Celanova focalizados no Santuario mariano da Virxe do Cristal, témonos baseado no capítulo "Un espléndido y monumental patrimonio inmobiliario" do noso estudo que vai no libro que aliñamos co Doutor Fidalgo (+), de fausta memoria: José Antonio Fidalgo Santamariña, Francisco Javier Limia Gardón (2001): *Vilanova dos Infantes. Patrimonio etnográfico de una*

parroquia ourensana, Editorial Auria, Ourense. E ademais a consulta da obra de Villafañe, S.I., dende a edición consultada, editada en Madrid en 1740, "Compendio histórico de las imágenes de Nuestra Señora aparecidas en España", corpus anterior á chegada das Loces, no século da Ilustración; e das nosas notas tomadas do libro manuscrito *Santuario del Cristal de Vilanova de los Ynfantes, 1827*, no Arquivo Parroquial de Vilanova dos Infantes, en vida do chorado curapárroco D. Adolfo Enríquez.¹

1. Por ter morto en trágicas circunstancias esta primavera pasada, e desaparecendo a senlleira peza que dá orixe ao santuario coa obra de ourivería que a rodea, non a incluímos no noso texto, remitindo aos lectores interesados á descrición que fixemos no libro referido, *ut supra*. A imaxe vai inserida nun cilindro de cristal dunhas dimensións como un dedo polgar, 'de poco mas de tres dedos de alto', según describe Villafañe. O erudito xesuíta acode a Vilanova a pé feito para incluíla no seu libro.



JUAN ANDRÉS HERVELLA

Técnico de turismo no Concello de
Ourense.

TEMPLO MARIANO DO GRISTE


Juan Andrés Hervella

 vintecatro quilómetros de Ourense cidade e dous da capitalidade do Concello Celanova, partido do quilómetro cero da estrada autonómica 540, axiña se achega ó bonito burgo histórico medieval de Vilanova dos Infantes, lugar de asento dun dos santuarios máis populares da nosa provincia. O interior do recinto relixioso alberga ou desgraciadamente albergou a venerada talla da que se coñece como a representación máis cativa da Nai de Deus; pequena imaxe dentro dun bloque elíptico de cristal do tamaño dun ovo de pomba, sen marcas aparentes de soldadura contendo no seu interior, visible por ambas caras, unha minúscula imaxe da Nosa Señora; toda a reliquia se atopa protexida, a modo de relicario, por un ostensorio construído en prata sobredourada.

A fermosa vila de Vilanova se sitúa estratexicamente sobre un outeiro presidida pola vella e maciza torre do homenaxe, resto



J.A.H.
20/09/95.



do antigo castelo pertencente o poderoso liñaxe dos condes de Monterrei. Destruido durante as Guerras Irmandiñas foi reconstruído no ano 1481; actualmente, trala oportuna remodelación pasou a converterse en Oficina de Turismo resultando o mellor expositor permanente da riqueza, tanto artística como cultural, existente en toda a bisbarra celanovense.

A vila aínda na actualidade conserva parte da súa estrutura medieval presente nas súas estreitas e empedradas rúas así como nas prazas ás que se asoman interesantes mansións populares de marcado valor etnográfico, algunhas decoradas cos mudos símbolos heráldicos dos seus vedraños e fidalgos moradores.

Fontes, cabaceiros igrexa, cruceiros, palco da música, petos e curiosas covas de orixe descoñecido decoran a paisaxe desta tranquila vila pertencente, no seu orixe, á poderosa familia do santo bispo, Rosendo.

Formada como concello propio permaneceu independente ata a súa fusión có seu veciño de Celanova, no ano 1927.

SANTUARIO DO CRISTAL

Situado no barrio do Cristal a carón da estrada a igrexa barroca da Nosa Señora vinculándose o seu nacemento ca milagreira aparición da imaxe de Nai de Deus, a un labrador vilanovés aló polo no ano 1650. As primeiras noticias documentais da súa existencia datan de mediado do século XVII, sen consignar de xeito claro, o tipo de construción relixiosa ergueita: hermita, pequena capela ou igrexa. ¹

Nunha segunda etapa constructiva, sobre o ano 1751, eliminase a primeira edificación da cabeceira refacéndoa esta de novo o canteiro Carlos Vidal, ca cubre con unha bóveda da aresta sobre arcos apuntados, con decoración en estrela con cinco claves,

1. Arquivo Parroquial Vilanova dos Infantes. Libro de Visitas. Ano 1660.

2. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Protocolo Francisco Villanueva.1751



toda ela máis ampla, eso si respectando o primitivo corpo.²

Na terceira etapa, correspondente co ano 1771, sen a penas modificar a capela maior, trala desfeita do primitivo corpo da igrexa, reedifícase de novo o templo con bóveda de canón na nave apoiado sobre grosas pilastras laterais de orde dórico. Tres fiestras por parede e dúas portas marcan ou delimitan os tramos en que se divide a nave, permitindo gañar máis espacia e dar maior suntuosidade ó santuario.


A fachada está a porta principal de acceso, adintelada sobre a que se sitúa un tímpano triangular do que sobresaen unha fornecela contendo unha talla pétrea da Virxe titular do templo, do que autor o escultor Nicanor Carballo. Por riba no eixe central atópase unha grande fiestra cadrada que ilumina á tribuna. Da remate á fachada a alta torre das campás formada por dous corpos decrecentes rematados nun capulín a rodea a súa base un balcón con balaústres. Completa o barroquismo da bonita e traballada fachada sendas torres circulares situadas a ambos extremos do campanario.³

A derradeira etapa constructiva corresponde ca construción, no ano 1914, da capela norte do cruceiro, máis baixa ca nave e aberta cara o cruceiro con pedra provinte de Moreiras e Soutopenedo. Foron os mestres canteiros: Eliseo e Frutuoso Campos, de Viveiro e Vilanova respectivamente. En xaneiro do ano 1927 deu comezo a capela sur o mestre canteiro Luís Campos Álvarez, de Vilanova, empregada para servir de capela funeraria dos benfeitores do santuario: Gervasio Cuquejo, Victor Manuel Fernández maila súa dona Eugenia, o custo da mesma foi de 10.000 pesetas.⁴



3. Arquivo Parroquial Vilanova dos Infantes "Apuntes soltos". Ano de 1771.

4. Arquivo Parroquial Vilanova dos Infantes. "Libro Santuario do Cristal" 1827.



Benito Batán

Catedrático do IES “Otero Pedrayo”
de Ourense. Foi Lector da Universi-
dade de Gales, Cardiff.


Outros Milagres da Virxe do Cristal

Benito Batán

O dez de Marzal de 1974, co gallo do 7º aniversario do Centro Galego de Londres imprimiuse unha adaptación dramática do poema de Curros “*A Virxe do Cristal*” que se musicou e representou grazas á achega dun grupo de estudantes talentosos do Departamento de Estudos Hispánicos da Universidade de Gales, Cardiff.

O 26 de Marzal estreouse esta peza nun acto no Teatro *Sherman* de Cardiff polo grupo *Sociedad Hispánica Universitaria*, que logo fundou o grupo de teatro *Soft Knife* (Coitelo brando).

Na adaptación dramática non tiven ningún problema, porque o poema de Curros responde á categoría de lírica dramática ao estilo das baladas escocesas ou dos *lays* bretóns, con personaxes universais ben caracterizados. Por unha banda, un malvado latriqueiro cheo de envexa, Xan de Ventraces, quen sementa calumnias e dúbidas en Martiño, un mozo labrador arrogante e namorado ao que os ciumes converterán nun mozo desconfiado e desnortado, e no medio deles, para completar este triángulo amoroso e trágico, Rosa, unha rapaza nova, bonita, fiel ao seu amigo namorado e á súa herdada pureza de cristal. Os personaxes móvense ao carón da sombra do Castelo de Vilanova, cuxo propietario vivía das rendas e foros na corte en Madrid. Rosa, adoecida polas dúbidas do seu amante, resolve o seu conflito interior xusto no momento cando a virxe se lle aparece vestida de galega en soños anunciando un sinal no monte e logo, cando atopa esa boliña de cristal anteriormente desprezada por Martiño. Estes feitos son para ela un sinal inequívoco de que está



chamada a refuxiarse no convento de Allariz e a non perdoar os desatinos inseguros do seu mozo, co que estaba a punto de casar.

Nun contexto británico, puxemos moito Shakespeare na escenografía: algo das meigas de Macbeth, como parte do coro na aparición da Virxe no leito de Rosa; moito da tormenta de King Lear, na labazada eléctrica que deu con Martiño no chan á hora de atopar a boliña; os ciumes de Othelo no pobre caletre de Martiño, apesarado por dúbidas hamletianas á hora de gardar ou non gardar esa boliña de cristal, antes de tomar a decisión de desprezala e finalmente guindala. En fin, xogamos coa cultura universal. Na representación final do desafío entre ambos os dous mozos optamos por unha posta en escena naturista, pero en cambio, cando Martiño lle arrinca a lingua murmuradora da gorxa a Xan, decantámonos por unha posta en escena máis simbólica. Todo valía a pena, total de dar a coñecer o idioma galego e a figu-



ra de Curros entre os estudantes de Hispánicas sen ningunha pretensión teatral. Soamente nos guiaba a idea básica de espallar a nosa cultura, tanto a literaria como a tradicional e popular de Galicia, dun xeito máis ameno que o de pecharse nunha aula ou nos pupitres dunha biblioteca.

Sabíamos de antemán que o público galés/inglés non ía entender os diálogos nin os textos en galego (ademais, o galego daquela estaba sen normativizar), así que tivemos que darlle una plasticidade auditiva e visual a base de música, danza e tensión dramática esaxerada. Para os galegos da emigración que nos acompañaban, aínda que o acto fora reivindicativo da nosa cultura en galego, significaba máis para estes un encontro festivo e familiar con polbo e baile ao final, tal como ocorreu ao rematar unhas das nosas representacións no Centro Galego de Londres. (*All Saints Church, Powis Gardens, London, W.11*)

Tivemos dous atrancos á hora de facer a adaptación. Usabamos a edición de *Aires da Miña Terra e Outros Poemas* de Edicións Castrelos da segunda edición de 1972 e, concretamente, no fragmento VIII do poema da páxina 48 saltaba á páxina 65. Por este motivo, tiven que reclamar a Galicia para que me enviasen a edición, *O Moucho 12*, da mesma editorial, de 1969. O segundo atranco foi cando levamos á adaptación ao prelo. Non tivemos problemas cos textos en inglés da introdución á lingua galega, a Curros e da breve sinopse do poema, pero ao chegar ós textos en galego decatámonos que as linotipias da imprenta carecían de tiles (o inglés, como ben saben, ten acentuación fonética sen necesidade de marca de ortografía), así que colocamos os tiles a man e dende aquela fíxenme militante activo en contra do til.

Ensaíabamos despois das clases no *ball* do Decanato da Facultade de Humanidades, e axiña nos decatamos de que ningún de nós (irlandeses, gregos, americanos, mozambicanos, galeses, galego) tiña idea de cómo montar una foliada, o máis galego e popular da representación. Nas outras partes, non tiñamos problemas: Richard Rees, estudante galés avantaxado, deseguida colleu un ton en la menor para facer unha versión da cantiga “*Unha noite na eira do Trigo*”; Paul Stocker, californiano amante do jazz, puxo un fondo de saxo nas escenas máis románticas entre Martiño e Rosa;

pero ninguén sabía bailar a muiñeira, tocar unha pandeireta ou botar un aturuxo o máis gutural e descomunal posible. Tivemos sorte. No grupo había unha galesa fermosa que ía todos os veráns a bailar danza escocesa a St. Andrews co ballet de Edimburgo, e entón, con ela, despois de contactar cunha integrante do *Ballet Galego Rey de Viana* que actuaba daquela no *Sadler's Wells Theatre* de Londres, unha ex- de *Coros e Danzas da Sección Feminina*, a contratamos para que na Coruña nos ensinara as 7:00 da mañá os pasos máis primarios das xotas e muiñeiras, antes de que os funcionarios entraran a traballar no que hoxe en día é o edificio da Subdelegación do Goberno na cidade. Desde a Coruña, polas tardes visitabamos aos persoeiros da cultura galega: a Luis Seone na Coruña, a Isaac Díaz Pardo no Castro, a Don Ramón Piñeiro en Santiago, a Paz Andrade en Samil, a Carlos Casares en Cangas, a Alonso Montero en Lugo, a Alvaro Cunqueiro en Vigo, é dicir, aos que considerabamos os mellores interlocutores da cultura galega daquel entón. Así foi como de volta a Cardiff, despois das clases, no *ball* da Facultade de Humanidades, retumbaban muiñeiras, pandereitadas e foliadas. Algún profesor, que se retrasaba na saída do seu despacho, parábase intrigado. En gran medida, estas actividades extra-curriculares despertaron certa curiosidade e interese académico. Polo menos, no caso do hispanista Robert Sradling ou do profesor Charles Kelly, quen chegaron anos máis tarde a visitar Ourense. Pero produto daquelas entrevistas, fomos transmitindo ao grupo unha consciencia social maior e máis comprometida que o mero afán didáctico e académico, e pasamos de ser unha Sociedade Hispánica Universitaria para estudantes, a converternos nun grupo teatral, vehículo cultural de protesta branda, *Soft Knife* (Coitelo Brando) que montou unha “Homenaxe a Castelao”, actuando non só no Centro Galego de Londres o 19 de xaneiro de 1975 (coa oposición de Fraga, embaixador) senon que tamén en distintas sociedades, clubs, vilas e cidades galegas en abril do mesmo ano: Os Cabeceiros de Maceda, Abrente en Ribadavia, Ateneo de Ourense, Aula de Cultura de Santiago, Club Náutico de Vigo.

Grazas a esta representación, xa digo, sen grandes pretensións teatrais, falouse nos congresos de Hispanistas de literatura galega en xeral, e de Curros como poeta en particular; xa fora nos



retiros anuais cos estudantes en Gregynog ou na Universidade de Swansea. E aínda que daquela, nin o galego nin a súa literatura acadaron o status académico de asignatura, dentro da Facultade de Humanidades dados os recortes orzamentarios que xa anunciaban os tempos de Margaret Thatcher que eran implacables, ou conseguías un número determinado de clientes, ou a asignatura desaparecía do mercado. O que lle ocorreu, por exemplo, ao catalán impartido polo Prof. Alberto Hauf, logo Decano na *Universidad de Valencia*; ao portugués, impartido polo Prof. Alexandre Piñeiro Torres, gran poeta e escritor, e incluso, o español sentíase ameazado, sen embargo, este último resistiu baixo o parau-gas de Estudos Europeos que fusionou os Estudos Hispánicos co Dereito Comparado Europeo nun departamento chamado Estudos Europeos e no que o escocés Charles Kelley xogou un papel importante. É dicir, que inexorablemente Gill, aquela moza galesa e fermosa que bailou na segunda representación da Virxe do Cristal, e eu, xa casados, tivemos que vir vivir e comer a Ourense. ¿E como non? O noso primeiro acto público no ano 1977, foi a inauguración da estatua de San Rosendo de Buciños na rotonda (1 de Marzal 1977), acompañados aquel día por Anxo (quen fixera una referencia a estrea da Virxe do Cristal en ABC, 15 de setembro, 1974), polo escultor Xosé Cid e por Rego Nieto.

¿Será casualidade que hoxe, Craig Patterson imparta galego na Universidade de Gales (Cardiff), que traducise *A Esmorga* de Blanco Amor ao inglés (*The binder*) e ande agora coa teima de meterlle man a Otero Pedrayo?

Coñecín do asasinato de Don Adolfo cando estaba na casa tomando un té co escritor cántabro Borja Rodríguez (acababa de saír do prelo a súa última novela: *La única carta*, Universidade Complutense de Madrid, 2015). Estrañoume que a súa dona, santanderina como *Doña Fita*, falara tan ben o galego e fora unha coñecedora profunda de Curros Enríquez. Así que o té converteuse nun faladoiro literario sobre a Virxe do Cristal, como poema, pero sobre todo, a Virxe do Cristal como imaxe roubada, sen gran valor material ou artístico, pero (e isto é o importante) convertida esta boliña de cristal en fetiche relixioso grazas á imaxe da Virxe no seu interior, cuestión que xa no seu día engaiolou ao mesmo Rei

de España Felipe IV e que dende entón move moitas vontades e moita fe, moitas romarías e novenarios. Falamos do macabro asasinato do seu custodio e gardián, o párroco Don Adolfo, digno sucesor do abade de Vilanova Don Xan de Barros, o que primeiro acolleu a Virxe do Cristal na Igrexa que dende entón se chamaría da Virxe do Cristal alá polo ano 1630. Logo repasamos as razóns polas que os grandes poetas civís galegos comprometidos socialmente curiosamente proveñan do mesmo lugar, Celanova: Curros no século XIX, Celso Emilio Ferreiro no século XX e Méndez Ferrín, rexo e contundente, no século XXI. Escoitáralle nunha ocasión a Celso Emilio Ferreiro comentar na Taberna do Galo que quizabes Celanova fora terra de poetas debido a capacidade de asombro que produce o entorno artístico do Mosteiro e a Torre da Igrexa: *“Se xogas nesa praza de neno, e oes as campás da torre, quedas marcado espiritualmente de por vida”*. Que un excomulgado e exiliado poeta de Celanova escribise un poema relixioso sen que a beleza do mesmo traizoase a súas ideas é algo inédito. Que eu daquela, mais novo e fogoso, lle buscara as cóxegas ao réxime dun xeito brando (*Soft Knife*) tamén era unha pequerrecha contribución ao cambio. Que aínda Gill siga hoxe ao meu lado, visitando ano tras ano, Celanova e Vilanova dos Infantes co mesmo entusiasmo que corenta e un anos antes, tamén é outro milagre.

Teño gravacións en audio e vídeo da nosa produción de *A Virxe de Cristal* e da Homenaxe a Castela que andarán ciscadas nalgún recuncho da Casa (a Casa é moi grande), porque non so mudei de país, senón que varias veces de casa. E aínda hoxe, gardo en caixóns sorpresas sen desempaquetar. As cintas son de gran tamaño, anteriores aos casetes, e os vídeos eran de cámaras de cine de plástico en súper 8 de borrosa calidade. Xa me gustaría ter ese material á man agora mesmo e atopalo para esta homenaxe a Don Adolfo. Probablemente algún día satisfarei esta nostalxia que hoxe comparto convosco. Aquela boliña de Cristal, que non ten valor como xoia, nin como arte, nin como antigüidade, para min foi un talismán que me deu moitas alegrías, abriume moitas portas e ogallá se atope axiña e a poder ser xa de paso, atopen tamén e xulguen aos responsables da ausencia de Don Adolfo hoxe aquí entre nós.

Alalá de Vilanova

18

Virxe do Cristal

The musical score is written in treble clef with a key signature of one sharp (F#) and a 3/8 time signature. It consists of five staves. The first staff is labeled 'Homes' and contains the melody for the first line of lyrics. The second staff is labeled 'Coro' and contains the melody for the second line of lyrics. The third staff continues the melody for the third line of lyrics. The fourth staff is labeled 'Gaita' and contains the melody for the fourth line of lyrics. The fifth staff continues the melody for the fifth line of lyrics. The lyrics are written below the staves.

Homes

Mi- ña Vir- xe do Cris- tal - - - - mi- ña Vir- xe cris-

Coro

ta- li- na - tan- to re- lum- bras de noi- - te - co- mo

re- lum- bras de dí- a - co- mo re- lum- bras de dí- - a

Gaita

- Ai la le lo ai la la la

I

Miña Virxe de Cristal,
miña Virxe cristalina,
tanto relumbras de noite
como relumbras de día.
Como relumbras de día,
ai la, le, lo, ai la, la, la.

II

Rapazas de Vilanova
ben vos podeades gabar(e)
que non hai Virxe no mundo
como a Virxe do Cristal(e).
Como a Virxe do Cristal(e),
ai la, le, lo, ai la, la, la.

III

A Señora do Cristal(e)
ten o vestido vermello;
entralle o sol pola porta,
relumbra como un espello.
Relumbra como un espello
ai la, le, lo, ai la, la, la.

Coral De Ruada

EMILIO RODRÍGUEZ PORTABALES

(Ourense, 1953). Vicepresidente

Primeiro da Coral De Ruada.

A ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME en Vilanova dos Infantes e a Coral De Ruada



Emilio Rodríguez Portabales

Os inicios

A primeira participación da CORAL DE RUADA na *Romaría Etnográfica Raigame* de Vilanova dos Infantes tivo lugar no ano 2004, cando se estaba a celebrar a súa III edición, e non comezou con bo pé por distintas circunstancias que se deron aquel día, como veremos deseguida.

A organización programou a nosa participación a partir das cinco e media da tarde na Praza Rúa do Castelo. Aquel día de maio presentouse soleado e moi caloroso. Como en Vilanova non hai posibilidade de cambiarse de roupa, tivemos que ir vestidos co traxe da CORAL xa no autobús, que saíu de Ourense arredor das catro da tarde. O vestiario estipulado para aquel día (primeiro erro, seguramente) era o que nós chamamos traxe de gala que, sobre todo no caso das mulleres, resulta pouco apropiado para os días de altas temperaturas. Como consecuencia, tivemos que prescindir dalgúns prenda e deixalas no autobús. Ao chegar ao lugar asignado, colo-



A CORAL DE RUADA na Praza da Rúa do Castelo de Vilanova das Infantes, na III Romaría Etnográfica Raigame, en 2004. [Arquivo CDR].

cámonos –como se pode ver na fotografía 1– no único recuncho da praza onde non daba o sol.

O director –daquela Juan José Rumbao Requejo– tiña programadas para a ocasión pezas populares alternadas con pezas polifónicas galegas do noso repertorio. Comezamos cunhas foliadas e fóronse xuntando algunhas

persoas, que aproveitaban os escasos lugares de sombra para seguir a nosa intervención, pero outra xente que, pola súa actitude, víase que bebera abundantemente durante o xantar, non so non escoitaba a nosa interpretación senón que falaba e mesmo berraba sen ningún tipo de consideración a pesar dos chamamentos ao silencio de parte dos que pretendían escoitar.



A CORAL DE RUADA ao pé do Castelo de Vilanova das Infantes, na IV Romaría Etnográfica Raigame, en 2005. [Arquivo CDR].



A CORAL DE RUADA cantando a Misa na VII Romaría Etnográfica Raigame, en 2008. [Arquivo CDR].

Ante esta situación, o director optou por eliminar a parte polifónica e interpretar unicamente as cantigas populares, con acompañamento instrumental, e rematar canto antes.

A pesar destes contratempos, decidimos non facer ningún tipo de

comentario á organización dando por suposto que se trataba dun cúmulo de circunstancias adversas que non tiñan por que repetirse en anos sucesivos.

Na edición seguinte, IV *Romaría*, asignóusenos o mesmo lugar e case

a mesma hora (seis da tarde). Nesta ocasión, a elección do traxe de gala foi un acerto, porque a meteoroloxía non axudaba moito.

Chegamos ao lugar asignado e a praza estaba ategada de xente, cun ambiente de moitas copas e moita troula. Apenas había por onde andar, polo que tivemos que chamar ao amigo Antón Piñeiro que deseguida se achegou onda nós e, vendo o panorama, recomendounos que nos desprazásemos ata o Castelo, onde ofrecemos a nosa actuación ante un numeroso grupo de persoas que se foi congregando pouco a pouco, como se pode ver na fotografía 2.

Nova etapa: Igrexa de Vilanova

Despois da experiencia destes, para nós, dous primeiros anos de participación na *Romaría Etnográfica Raigame* a directiva acordou falar coa organización para darlle un novo enfoque á participación da CORAL DE RUADA. Afortunadamente, na organización da *Romaría* hai grandes amigos de DE RUADA: os irmáns Fernández Senra, Mariló e Xulio e o xa citado Antón Piñeiro, polo que se chegou de seguida a unha solución que satisfizo a todos. No sucesivo, a CORAL DE RUADA cantaría unha Misa na Igrexa Parroquial e, ao remate da mesma, na propia Igrexa, ofrecería un breve concerto aos asistentes. Quedaba unicamente falar co párroco, D. Adolfo, pero dábbase por feita a súa autorización e colaboración.

E así foi, a partir da V *Romaría* a CORAL DE RUADA foi a encargada de cantar a Misa na Igrexa Parroquial,



á unha do mediodía, e ofrecer un pequeno concerto ao remate da mesma. Na fotografía 3 pódese ver a participación de DE RUADA na Misa da VII edición da *Romaría*, no ano 2008.

Alalá de Vilanova

O alalá de Vilanova é unha fermosa e delicada cantiga do repertorio da CORAL DE RUADA. Parece ser que, inicialmente, soamente contaba con dúas estrofas de orixe popular (I e II). A segunda, por certo, é a lenda coa que inicia Manuel Curros Enríquez o seu poema *A Virxe do Cristal* (1887). Segundo os máis veteranos, como a cantiga se facía curta, o noso ex-director Manuel de Dios compuxo a terceira (III). A versión coas tres letras pódese escoitar na gravación contida no disco (EP) QE 7554 de Columbia.

I

*Miña Virxe do Cristal,
miña Virxe cristalina,
tanto relumbras de noite
como relumbras de día.*

II

*Rapazas de Vilanova
ben vos podeades gabar
que non hai Virxe no mundo
como a Virxe do Cristal.*

III

*A Señora do Cristal
ten o vestido vermello;
éntralle o sol pola porta,
relumbra como un espello.*



A CORAL DE RUADA cantando o Alalá de Vilanova, con acompañamento de zanfona, na VIII Romaría Etnográfica Raigame, en 2009. [Arquivo CDR].

Polo que fai á música, parece que tamén é de orixe popular, pero – tamén segundo os máis veteranos – a versión que nós cantamos ten unha sinxela harmonización do Mestre Vide. O feito de que no disco se indique que, tanto as letras como a música, son populares parece que ten que ver cunha artimaña á que se recorría con certa frecuencia para evitar dereitos de autor.

O alalá (ver ilustración pág. 54) levaba unha introdución de gaitas e percusión que se repetía entre cada estrofa e ao remate.

Cando iniciamos a nova etapa en Vilanova, coa Misa cantada na Igrexa Parroquial, o entón director, Juan José Rumbao, decidiu, con moito acerto, introducir o Alalá de Vilanova nos cantos da Misa. Pero ademais, acordou –aproveitando que a CORAL DE RUADA acababa de recibir (2005) unha zanfona construída por Manuel Brañas, do Obradoiro de Instrumentos Musicais

da Deputación de Ourense, e que quen isto escribe acababa de realizar un curso dese instrumento co zanfonaista Guillermo Dacal – que o alalá de Vilanova levase acompañamento de zanfona. Para iso compuxo unha pequena introdución, que se repite entre cada estrofa e ao remate. Dende entón, o alalá de Vilanova, con acompañamento de zanfona, é unha das pezas fixas da CORAL DE RUADA na *Romaría Etnográfica Raigame* (ver fotografía 4).

D. Adolfo Enríquez Méndez

Eu non trataba a D. Adolfo, aínda que o coñecía dos seus tempos de coadxutor en Santa Eufemia de Ourense, onde destacaba pola súa bondade e tamén pola súa fermosa voz e o gusto con que cantaba. O pouco trato que tiveron con el, en Vilanova, confirmoume que estaba ante un home bo e xeneroso con tódalas persoas que nos achegabamos a el. Axudábanos moito que,



A CORAL DE RUADA ofrecendo un pequeno concerto despois da Misa, na X Romaría Etnográfica Raigame, en 2011. [Arquivo CDR].



A CORAL DE RUADA interpretando o Alalá de Vilanova, na Homenaxe a D. Adolfo Enríquez, en 2015. [Arquivo CDR].


tanto o director Juan José Rumbao Requejo como o tenor e actual subdirector Álvaro Iglesias Montes, fosen compañeiros de Seminario de D. Adolfo. Tamén que o actual director, Xoán Antón Vázquez Casas, fose alumno do Seminario. Polo tanto,

a CORAL DE RUADA sempre foi moi ben recibida na Igrexa de Vilanova e nunca tivo atrancos para desenvolver a súa actividade, o que lle agradecemos sempre moito, porque non tódolos párrocos teñen a mesma sensibilidade.

Todos seguíamos con moito interese as súas homilías, moitas veces improvisadas, pola súa sinxeleza e polas sinceras mostras de amor ao noso pobo, aos nosos costumes, á nosa lingua, en definitiva, aos nosos sinais de identidade, que contiñan.

Hai uns días, un grande amigo da CORAL DE RUADA, que non falla nunca á cita de Vilanova, D. Xosé Eduardo Portas Feijóo –lisboeta con ascendencia en Celanova– e a súa dona D^a. María Eduarda Pavía de Magalhães Feijóo, comentábanme durante o xantar na Romaría dos Amigos da CORAL DE RUADA en Oseira que D. Enrique, a quen trataban dende hai anos, sempre remataba a Misa anunciando, despois da beizón, que habería un pequeno concerto da CORAL DE RUADA e pedíndolle á xente que quedase para escoitala, pois “é un luxo para Vilanova”. Naturalmente, el tamén quedaba a escoitarnos, como se pode ver na fotografía 5, e sempre nos felicitaba despois da actuación.

Podo contar, como anécdota, que, nalgunha ocasión, chegaba de dicir a Misa no Santuario da Virxe do Cristal e, ao vernos mostraba grande sorpresa porque, segundo dicía, a el ninguén da organización o avisara de que íamos ter a Misa. Non sei se era así ou se se trataba dun despiste de D. Adolfo, pero o certo é que, a continuación dicía a Misa sen ningún tipo de enfado nin problema. Unha das últimas veces, penso que en 2013, mentres nos situabamos na Igrexa achegouse a nós e metendo a man nun peto da chaqueta, sacou un pequeno estoxo dicíndonos ¿queredes ver a Virxe do Cristal? e, ante o asentimento xeral, sacou a diminuta imaxe do estoxo e fóinola ensinando a todos. Díxonos que viña do Santuario e que sempre a traía consigo por se acaso...



Díptico agasallado pola CORAL DE RUADA, durante a homenaxe a D. Adolfo. [Arquivo CDR].

A homenaxe a D. Adolfo

Cando a organización da *Romaría Etnográfica Raigame* acordou, despois do vil asasinato de D. Adolfo, dedicar a *Romaría* 2015 a honrar a súa memoria, a nós pareceunos unha excelente idea e puxémonos á súa disposición.

Pedíusenos que participásemos nun acto cívico na Praza de Vilanova coas nosas cantigas e así o fixemos (fotografía 6). Naturalmente, a can-

ción estrela foi o Alalá de Vilanova con acompañamento de zanfona. Nesta ocasión, engadímoslle unha cuarta estrofa composta unicamente para esta ocasión polo compañeiro da CORAL, Xaquín Vales Rodríguez.

IV

*O abade Adolfo Enríquez
ben te quixo protexer,
ofrendouche a súa vida
como exemplo de honradez.*

Ademais das cantigas, a CORAL DE RUADA quixo homenaxear ao seu amigo D. Adolfo publicando un díptico, coas letras do Alalá de Vilanova, con que agasallou aos presentes no acto.



*Os danzantes de Vilanova con D. Adolfo Enríquez, o ano da súa chegada a Vilanova, 1969.
De esquerda a dereita: Julio Catalán, M^a Carmen, Tito Tacón, Consuelito do Roque, Merche do Cabucho,
Milucho Chicharro, Julio Buera, Gelines do Pardao e D. Adolfo amosando a imaxe da Virxe do Cristal.*

PATRICIA MELÉNDEZ

Danzante da Virxe do Cristal
de Vilanova.

Danzantes



de Vilanova

Patricia Meléndez

Unha das principais manifestacións artístico-etnográficas de Vilanova dos Infantes é a súa danza en honor da Virxe do Cristal. A súa orixe é difícil de definir, de procedencia medieval, vinculada ao gremio dos zapateiros da vila e documentada a partires do século XVIII. Dende hai anos, en Vilanova tan só queda un zapateiro, o Lili, que no seu momento tamén foi danzante, máis de 20 anos, 14 consecutivos. Hoxe, os danzantes teñen os máis diversos oficios e residen fóra da vila, a onde a maioría só vai en datas sinaladas como festas, reunións familiares ou outros actos similares. Tan só unha moza vive en Vilanova.

A súa ilusión e interese por danzar o día da festa do Cristal está ligado á súa devoción pola Virxe e ao orgullo de pertencer a unha comunidade preocupada por conservar e manter vivas as tradicións do pobo. O despoboamento que sofre o rural galego non é alleo a Vilanova dos Infantes e apenas quedan mozos vivindo na vila, polo que o feito de que a danza siga viva e celebrándose todos os anos depende do compromiso dunha serie de persoas,

que con maior ou menor dificultade, xúntanse uns días previos ao 15 de setembro para facer un par de ensaios.

Hai anos, a situación era diferente. Vilanova tiña moita máis vida e contaba con moitos máis habitantes, o que permitía organizar a danza doutro xeito.



Danzantes rodeados de amigos e familiares. Ca. 1957

En algunha ocasión, debido á cantidade de danzantes que querían bailar, chegouse a facer un grupo de adultos e outro de nenos. No ano 1968, debido á ausencia de homes, incorporáronse mulleres á danza. Foron catro, facendo parellas mixtas. Dende entón danzaron mulleres, chegando a haber anos nos que non houbo home ningún.

Polos anos sesenta era o Tudita e o Trompa quen dirixían a danza e os ensaios. A principios dos anos setenta, ao seu regreso de Venezuela, foi o Dardo quen levaba a voz cantante.

Hoxe, Patricia Meléndez é que dal-

gún modo coordina aos danzantes, coida dos traxes e prepara a participación do grupo o día do Cristal. Ela recorda como eran os ensaios polos anos oitenta e como comezou a danzar:



De esqu. a der.: Danzantes: Manolo Carrollas, Camilo Moron, ¿?, Luís Tudita (fillo), ¿?, Luís Bubela, Gamarro, Cachote. De paisano, gaiteiros de Ber, cos paus o Milino, agarrando o mastro das fitas o Carlito, co bombo o Modesto Tudita e ao lado o Sebio. Fotografía de Rizo, Ca. 1955.

A festa comezaba de vésperas ó 15, cando ós ensaios da danza eran no patio do "Trompa". Nenos e grandes sentados nas escaleiras apretadiños... ou subías ó muro que era dende onde se vía mellor... un día, cando botabas «corpo», escoitabas ó Dardo «veña, bai que aprender a danza que non hai quen dance»... e entre a emoción e a devoción non había «corpo» de dicir que non... así comezamos máis ou menos todos, moi noviños, compartindo baile cos veteranos. Son moitos os que nestes anos podemos danzar, xente que temos a devoción e a tradición metidos na alma, e na alma temos este ano tamén a desesperación e a tristura pola desaparición da santa, esencia do noso pobo, e a rabia polo asasinato dun «home bo»... Este ano danzaremos con tristura pero coa esperanza de que a virxe volva ás nosas mans.



Os danzantes de Vilanova, de esquerda a dereita: agachados, Nito, Manolo Marlon, Luís Ribeiro e Pedro da Cerdeira. De pé, Toño da Encarnación, o Neso, Celso o Cholas e Pepiño Pardao. Ca. 1955.

Do mesmo modo que Patricia, nos últimos anos foron moitos os que aprenderon a danza e danzaron nos ensaios, uns no patio do "Trompa" e outros xa no local social do Teleclub, para despois pasar a formar parte do grupo de danzantes que cada 15 de setembro participa na romaría da Virxe do Cristal. O xeito de aprender foi sempre o de observación e repetición, até chegar a aprender os pasos e movementos. Óscar, Montero, Carolina, Marta, Gemma, Gelu, Tamara, Andrea, Patri... Patricia, Rosi, Marimar, Rosalina... son algúns deles, cada quen coa súa historia e motivación para danzar.



Óscar danza por tradición familiar. É fillo da Chelo, que danzou no seu día no primeiro grupo que incluía mulleres e que rompeu a tradición de que so danzaban homes, alá polos anos setenta. Hoxe ten dúas fillas que xa van os ensaios e palotean de cando en vez para que lles vaia entrando a danza e dando así continuidade á tradición familiar.

De esquerda a dereita: agachados: Tito Tacón, ¿?, Julito Catalán, Nito; atrás de pé: Luís Tudita, Julacho e o Neso. Ca. 1965.



Montero e Carolina namoraron e casaron sendo danzantes. El e fillo de Marimar, que danzou toda a vida, e Carolina, filla de danzante, sendo venezolana, retornou para vivir na terra dos seus pais, que lle inculcaron a devoción da virxe: «cando eu tiña 15 anos, ó Óscar do Gino complicábaselle tocar e dan-

zar e quedou una praza libre, así que o meu primo Óscar animoume a entrar e entre el e o Dardo convencéronme. Por aquel entón, Montero e eu aínda non éramos mozos. Un par de anos despois fixémonos mozos e casamos no 2012, así que compartín co meu mozo e a miña sogra o momento de





vestirse o día 15». O seu fillo Adrián de seguro que sigue a tradición dos seus pais e das avoas.

Marta é filla, neta, bisneta, sobriña de danzantes. Nas súas fotos familiares de hai máis de 50 anos están seu avó, o seu pai, súa nai, algún dos seus tíos vestidos de danzantes... Como anécdota conta que o seu pai e o seu tío son de Orga... ten un sobriño, Eloy que con tres anos xa se vestiu de danzante.

Gemma é a única dos danzantes que vive en Vilanova. Ao igual que á maioría dos veciños de Vilanova, o ser

danzante vénlle de familia. A súa nai Rosalina foi danzante e nai e filla tamén puideron danzar xuntas algunha vez.

Gelu é outra das danzantes máis veteranas: «*A miña historia coa danza é sentimental e ancestral, xa que o meu avó materno Manuel Santalices, formou parte dos danzantes, ó igual co seu irmán Adolfo, meu tío, polo que o arraigo familiar vén de bai moitos anos, tantos como de principios dos século XX, o que queda patente nunha fotografía familiar que tamén está no Castelo, polo que tamén*



eu quería formar parte de algo tan arraigado na miña familia e onde cheguei por una ofrenda á virxe por parte da miña avoa Auria que me dicía que lle bailara á virxe para que me axudara co problema de saúde que arrastraba desde nena; empecei con 12 anos e ata os 45 que teño son 33 anos bailando coa familia e os veciños... Na actualidade sigo co mesmo entusiasmo e gañas que aquela nena ilusionada por bailar á súa virxe no día máis importante para Vilanova dos Infantes».



*Os danzantes de Vilanova nun acto en Celanova.
O danzante en primeiro plano é Pepe Marín. Ca. 1947*

Como vemos, moitos danzan por transmisión familiar, por devoción ao Cristal, por un sentimento de identidade vinculado a Vilanova e as súas tradicións. Patri, neta da Herminia e sobriña do Dardo, danzou de moi nova e por diversas circunstancias deixouno no seu momento. Recentemente retomou a danza como ofrenda pola saúde da súa filla.

Na actualidade, o grupo conta cun par de xemelgas, Andrea e Tamara, que non teñen tradición familiar, pero de seguro que son as primeiras dos que virán detrás porque de seguro algún ano han de danzar co seu irmán Hugo.

Outra das integrantes da danza é Patricia. Aos 16 anos comezou e case todos os anos, dende hai 27, danza. Pasou a danzar substituíndo á Luísa e é a encargada de gardar e preparar os traxes para que non falte nada o día da festa. A maior motivación que ten e contribuír á conservación das tradicións, de transmitir ós que veñan todo o que aprendeu dos que estiveron antes. Recorda a súa avoa desgustada o primeiro ano que danzou porque era moito esforzo: «ese día cando me levantei tiña un filete con patacas e dous ovos para almorzar» feitos pola avoa para resistir a procesión e a danza.



*Os danzantes de Vilanova nun acto en Celanova.
No centro, sentado na mesa,
D. Xaquín Lorenzo Fernández, Xocas.
Fotografía de Rizo, Ca. 1947*

Ao longo da súa historia, a danza do Cristal sufriu os mínimos e lóxicos cambios que o tempo dá e afectaron tamén á súa música. Veu sendo interpretada con instrumentos coma gaitas en diversas tonalidades, clarinete, requinto, bombo, redobrantes e caixas. Un dos máis celebres interpretes foi Manuel Castro nado no 1832, “O Gaiteiro de Penalta” citado na obra de Curros Enríquez.



Fotografía da Merche e Tito Tacón no Cristal, con Vilanova ao fondo. 1970

Hoxe, José Luís Freire é o gaiteiro encargado de interpretar a Danza. O anterior músico foi Paulino Vázquez, durante corenta anos, clarinetista da nomeada Banda de Vilanova dos Infantes, que tocou a Danza con gaita usando una dixitación máis próxima ao clarinete, con alteracións propias da gaita, aportándolle un son modal e moi peculiar.

Actualmente copiáronse o máis fielmente posible as melodías de Paulino e interprétanse con gaita redonda usando a estrutura tonal sempre respectando ao máximo as partes e como non, os compases e ritmos marcados pola percusión de caixa tocada polo Dardo e bombo, do que habitualmente se encarga o Rin Rin.

Cando chega o día grande no que os danzantes saen á praza, soa a música e comeza a Danza. Todos os presentes, músicos, danzantes e público somos participantes da historia dun pobo de cultura antiga cunha forma propia de sentir e de entender a vida.







RAFAEL ARTACHO VENTO

M^{re} ELISA ABAD SUÁREZ

Sociedade Filatélica, Numismática e
Vitolfílica Miño de Ourense.

OFRENDA á Virxe do Cristal EN 1901

Rafael Artacho Vento
M^{re} Elisa Abad Suárez

O Santuario da Virxe do Cristal, lugar de peregrinación na provincia de Ourense, foi erixido en Vilanova dos Infantes como un edificio dunha soa nave.

Na súa fachada, na porta principal, un frontón partido e no seu interior destaca un maxestoso baldaquino barroco que sorprende por ter acollido ata agora a diminuta imaxe da Virxe do Cristal.

E como coleccionistas, dando unha volta polo interior, chámámonos a atención un cadro situado ao lado esquerdo do Altar no que se pode ler:



*"Recuerdo a la Stma. Virgen del
Cristal*

Este cuadro contiene aros primitivos que usaban los Indios en la América del Sur, cuando Colón ha descubierto el nuevo Mundo. Y las monedas son todas de plata de varios países y nacionalidades Año de 1901. D. A. G. y L."

Algún devoto, probablemente emigrado en América do Sur, ofrecía á Virxe un pequeno tesouro, tal vez en agradecemento por algún favor recibido; cada unha das pezas que alí se atopan están perfectamente encaixadas nos ocos adaptados a cada unha delas.

A meticulosidade da montaxe que se mantén intacta despois de máis de 100 anos, lévanos a investigar sobre o que nel se atopa:

Dous pendentes (sinalados A e B), unha medalla (sinalada C) e vinte e dúas moedas (sinaladas con números para a súa fácil identificación dentro do cadro).

A diferenza entre moeda e medalla é que a primeira ten gravado o seu valor facial ou contido de metal fino, mentres que a medalla carece de valor facial ou nominal; noutras palabras, unha medalla é unha peza acuñada nun metal precioso ou corrente que en vez de cumprir unha función de medio de intercambio, é dicir de diñeiro, conmemora un evento ou personaxe determinado.

O estudo das medallas, a súa autenticidade, orixe, clasificación, etc. constitúe o obxecto da Medallística, unha rama da Numismática, ciencia auxiliar da Arqueoloxía que trata do coñecemento das moedas e medallas.



A: Chaway de forma discal representativo de Kuyen (Lúa)



B: Upull recoñecido pola súa forma cadrada simple, sen gravados cun arco que vai de extremo a extremo na súa parte superior para o seu soporte



Muller Mapuche fotografada en 1890.
Foto incluída no álbum dos Símbolos Patrios de Chile
<http://simbolospatrios.cl/>

PENDENTES

Na procura de información sobre estas xoias de prata, e cos datos aportados no texto sobre a súa procedencia de América do Sur, chegamos aos Mapuches que significa “Xente da Terra”, pobo aborixe suramericano que habita Chile. A artesanía Mapuche acadou renome, principalmente os traballos en prata e tecidos, materiais cos que ademais fabrican as súas vestimentas e atavíos.

As alfaías das orellas pertencen as máis antigas creacións dentro da pratería Mapuche; é unha das xoias de uso masivo ao estar presente nas mulleres desde a infancia ata os últimos días da súa vida, non así as xoias pectorais e outras de gran tamaño que eran usadas por elas só ao iniciar a xuventude. Á idade dun ano, aproximadamente, perforábanlle ás nenas pequenas o lóbulo da orella nun ritual ao que asiste a comunidade; deste xeito toman contacto coa prata por segunda vez xa que a primeira é cando se lle curta o cordón umbilical cun coitelo de prata. Estes pendentes eran un agasallo dalgunha anciá da familia na cerimonia do “Katan” (perforación) e acompañábana toda a vida ata a súa etapa de ancianidade onde a volvían donar en herdanza a algunha nena, xeralmente unha neta.

Na maioría dos casos esta prenda foi usada por unha mesmo liñaxe durante moitas xeneracións.

A medida que as mulleres crecían ían obtendo diversos pendentes, en forma e tamaños, desde os pequenos que alcanzaban os 2 ou 3 cm. ata 12 ou 15 cm. de diámetro.

Os aros Mapuches, chamados “Chawai” en “mapudungu”, a súa lingua, tiñan como forma máis característica unha prancha cadrada de prata, provista dun arco de sustentación formado por unha soa peza sen gravados cun arco que vai de extremo a extremo na súa parte superior para o seu soporte; este tipo denominado “Upull” representa á terra na súa dimensión plana, ubica así os catro extremos que compoñen a orientación cardinal, estos son Pikun Mapu (Norte), Huilli Mapu (Sur), Puel Mapu (Leste) e Gulu Mapu (Oeste).

O Chaway que posúe unha forma discal co seu respectivo arco para o seu soporte con variados calados e gravados os que distinguían a condición social e o lugar en que se habitaba, ten unha forma que obedece á representación de Kuyen (Lúa) xa que na súa mitoloxía se cre que a prata chega á terra polas lágrimas que derrama á Lúa, representación máxima da forza feminina.

Durante o século XIX acadaron tamaños e pesos desmesurados.

A semellanza cos que se poden ver no cadro queda patente na imaxe de 1890 dunha muller Mapuche que ten na súa orella os dous tipos de aros.

MEDALLA

O 6 de decembro de 1880 é unha data emblemática da historia política arxentina. Ese día, a Cidade de Bos Aires convértese en flamante capital da República segundo a Lei 1029 promulgada polo presidente Julio Argentino Roca que convertía á cidade de Bos Aires en flamante capital da República Arxentina, xa



que o seu territorio pasou definitivamente ao dominio da Nación. Este feito foi moi significativo. Por primeira vez o país tiña unha cidade capital lexítima, despois de decenios de disputas entre Bos Aires e as provincias.

Para a conmemoración deste acontecemento histórico que marcou unha nova e crucial etapa da historia arxentina acuñáronse en 1880 unhas medallas.

No anverso da mesma obsérvase o escudo nacional orlado de bandeiras e con dous canóns cruzados, conxuntamente coa lenda "6 DICIEMBRE DE 1880".

No seu reverso aparece o escudo da Cidade de Bos Aires -dous navíos ancorados no mar espumoso prateado, cunha pomba radiante no medio en campo celeste, que simboliza o espírito santo- con outra lenda que di: "BUENOS AIRES CAPITAL DE LA REPÚBLICA ARGENTINA".

Destas medallas fixéronse tres tipos en dúas variantes: de cobre por un lado cun peso de 25.4g e por outro de prata, cun peso de 63.92gr , e ouro de 117 gramos.

A confección dalgunhas encargouse en Bos Aires. Pero o traballo artístico deixaba moito que desexar, e ante esta circunstancia, só foron acuñadas as de bronce por Rosario Grande. Dispoñéndose que as de ouro e prata foran en París, para o que acome-teu o encargo ao Sr. D. Mariano Balcarce, o ministro, como se recolle no seguinte documento incluído na "Memoria del Ministerio del Interior presentada al Honorable Congreso Nacional" - Ministerio del Interior, 1881, pp376-378:

"Buenos Aires, Enero 26 de 1881.

Sr. D. Mariano Balcarce, Ministro Plenipotenciario de la República Argentina en París. En el deseo de que las medallas que deben conmemorar la declaracion de Capital definitiva de la República, correspondan á tan grandioso suceso, ha creído la Corporacion que presido, que podía solicitar el contingente del Sr. Ministro, á objeto de conseguir tal resultado.

No dudando de obtenerlo,—me anticipo á acompañar V. E. las instrucciones á que desearia se sugetase en lo posible el artista á quien se encomiende la ejecucion y á la vez una letra á la órden del Sr. Ministro por valor de veinte y un mil trescientos sesenta francos contra los Sres. A. y M. Heyne, que es la cantidad destinada para costearlas.

Las medallas de oro deben ser solo setenta y el resto de plata. Las de cobre, de que acompaño un ejemplar, se acuñarán aquí, y no llenando los deseos de la Corporacion resolvió encargar aquellas á Europa.

Si el señor Balcarce aceptase este cometido, prestando un importante servicio á la Municipalidad de la Capital, facilitaría la ejecucion de una resolucion, contribuyendo á la vez á su mejor éxito.

Aprovecho este motivo para presentar mis atenciones al señor Ministro, á quien Dios guarde."

A que aparece no cadro corresponde coa de cobre xa que as de prata e ouro levan a lenda do anverso en números romanos "VI DE DICIEMBRE DE MDCCCLXXX"



A fachada oeste do Obelisco de Bos Aires lembra o acontecemento



A: Medalla 1880 proclamación de Bos Aires como capital de Argentina



Nº 1: 120 GRANA de Nápoles de 1854



Nº 14: 50 céntimos de 1866 de Napoleón III coa cabeza laureada



Nº 19: 2 reales de Carlos III de 1775 da Ceca de Madrid simbolizada polo M coronado do reverso

MOEDAS

Para o estudo das moedas que se inclúen neste cadro, todas elas de prata, fíxose unha clasificación por continentes, e dentro destes, por países, identificando cada unha delas co número que se lle asignou na foto xeral. Corresponden a nove países: Italia, Francia, España, Brasil, Chile, Perú, Bolivia, Arxentina, e Uruguai.

1. Moedas do continente europeo

ITALIA

Pódense ver tres moedas de **Italia**: a primeira e marcada co **Nº 1** e unha de 120 GRANA do ano 1854 de Nápoles; outra, co **Nº 11**, de 50 CENTESIMI de 1863 coa impronta de Victorio Emmanuele, o que fora último Rei de Cerdeña e primeiro de Italia.

A terceira corresponde a unha LIRA do ano 1867 do mesmo rei identificada co **Nº 6**.

FRANCIA

Procedentes de **Francia**, co **Nº 14**, unha moeda de 50 Céntimos de 1866 de Napoleón III, único presidente da Segunda República Francesa en 1843 e, posteriormente II Emperador dos franceses en 1852. No anverso a cabeza laureada do emperador coa lenda "NAPOLEON III EMPEREUR" e BARRE o nome de do gravador da Monnaie de París Ceca francesa. No reverso: "EMPIRE FRANÇAIS / 50 CENT / 1866 A"

ESPAÑA

Acuñaadas en **España** hai unha de 2 REALES de Carlos III de 1775 de Madrid na que aparecen as iniciais do ensaiador P.J. que corresponde á **Nº 19**.

Outra de ½ REAL de Carlos IV do ano 1808 da que non se pode precisar a Ceca de acuñación que corresponde co **Nº 2**. E unha terceira co **Nº 7**, de VIII MARAVEDÍS de Vellón co reselo de 1641 de Felipe IV.

Estes reselos son consecuencia da inestabilidade económica nesa época. No ano 1641 tómasse a decisión de reselar a moeda chamada Calderilla, é dicir, o Vellón, ao seu dobre valor: os maravedís de un pasaron a dous, os de dous a catro, os de catro a oito e os de oito a dezaseis. A sobrevaloración do vellón era tan evidente que, dous anos máis tarde, foron resellados ao contrario.

2. Moedas do continente americano

BRASIL

Comezamos coa moeda correspondente ao **Nº 4**, 1000 REIS de 1860 de **Brasil**. No anverso o valor facial, circundado pola inscrición "PETRUS II. D. G. CONST. IMP. ET PERP. BRAS. DEF." e o ano de acuñación.

No reverso o Escudo de armas do Imperio e a inscrición "IN HOC SIGNO VINCES". Cun diámetro de 30 mm, espesor de 2mm pesaba 12,75 gramos de prata 916 2/3.

O MIL-RÉIS foi oficializado o 8/10/1833, a través da Lei nº 59 asi-



nada no 2º Imperio, pola Rexencia Trina durante a minoría de idade de D. Pedro II. Mil-réis pasou a designar a unidade monetaria e réis os valores fraccionarios. Estivo en vigor do 8/10/1833 a 31/10/1942.

CHILE

De **Chile** podemos ver 1 peso de 1895 co **Nº 3** cunha fermosa impronta dun cóndor parado sobre unha rocha no anverso en posición de descanso coa lenda "República de Chile"; ao pé da rocha aparece O Roty correspondendo ao gravador francés Louis-Oscar Roty (Paris, 11/6/1846 -23/3/1911)

Polo reverso as indicacións do valor e a data dentro dunha coroa de loureiro, rematada abaixo cunha fouce e un martelo.

O peso como unidade monetaria de Chile foi establecido no ano 1817 coa independencia do País e mantívose en vigor ata o 31 de decembro de 1959, momento no que foi polo escudo. Por medio do Decreto de Lei publicado o 4 de agosto de 1975. o peso foi retomado como unidade monetaria a partir do 29 de setembro dese mesmo ano cunha taxa dun peso por cada mil escudos.

PERÚ

En **Perú**, a Ceca de **Lima** ponse en funcionamento en 1566 e dous anos máis tarde, en 1568 acúñanse as primeiras moedas. Continuos peches e aperturas desta Ceca sucédense no tempo, comezando a historia recente en 1821 coa independencia de Perú da Coroa Española. O Virrei José de la Serna fuxiu de Lima levando con-

sigo parte da maquinaria da Casa da Moeda.

O Libertador José de Sanmartín incorporou a Ceca ao Goberno Independente nomeado Giboli. As guerras de independencia causaron serios danos á Casa da Moeda en dúas ocasións 1823 e 1824.

En 1825 a Ceca limeña puido readunar as súas actividades normais de acuñación. En 1830 expídese o primeiro regulamento da Casa Nacional da Moeda, establecéndose que a dirección correspondera a Facenda. En 1857 modernízase a Ceca e queda en condicións de acuñar mil moedas de prata por día; posteriormente o presidente José Balta importa máis maquinaria procedente de Gran Bretaña. Xa en 1922 se crea "El Banco de Reserva".

Desa época hai unha moeda de 8 Reales de 1830 de Lima co **Nº 20** e outra co valor de 1 Sol de 1866 co **Nº 21** de 37 mm de diámetro, 2mm de espesor e 25 gramos de prata de 0,900.

Unha terceira de 1880 con valor de 1 Peseta de Lima coa lenda "PROSPERIDAD PODER POR LA JUSTICIA / 1880" e no reverso a lenda "REPUBLICA PERUANA LIMA 9 DEC.FINO BF .UNA Español en." que corresponde á **Nº 18**. Feita con prata 0,900 cun peso de 5 gramos, diámetro de 23 mm e 1,9 mm de espesor, o seu gravador foi Robert Britten.

En plena guerra con Chile don Nicolás de Piérola, que se fixera co poder o 23 de decembro de 1879 tras dar un golpe de estado, cambiou o sistema monetario de Perú ao patrón ouro. Adoptouse



Nº 7: VIII Maravedís de vellón co resello de 1641 de Felipe IV



Nº 4: 1000 REIS de 1860 de Brasil



Nº 3: 1 Peso de 1895 de Chile



Nº 21: 1 Sol de 1866 de Lima



Nº 18: 1 Peseta de Lima de 1880 «Moñona»



Nº 17: 2 reales macuquina de 1739 de Potosí



Nº 16: 1 Real de Carlos III de Potosí de 1774 e J.R. ensaiador



Nº 8: 1 Real de Carlos III de Potosí de 1776 e P.R. ensaiador



Nº 12: 1/2 Real de 1854 de La Rioja provincia Argentina



Nº 13: 10 Centésimos de 1877 de Uruguai

un sistema baseado no “Inca de Ouro”, pero a medida non puido ter efecto pois o desenrolo da guerra impediu a acuñación de moedas nese metal. Só logran imprimirse billetes expresados en “Incas” e acuñarse moedas de prata fraccionarias, como a de 5 pesetas, e outra de unha peseta chamadas “Moñonas” pola representación do busto.

A lei establece que... *“o tipo das moedas de prata será o mesmo que o das moedas de ouro, coa diferenza de que o escudo levará una palma e un loureiro en lugar dos estandartes”.*

O sol establecido como unidade monetaria en 1863 seguiu emitindo ininterrompidamente durante a emisión do inca e as pesetas.

BOLIVIA

En **Bolivia**, nos séculos XVI e XVII, a mina máis grande do mundo atopábase en Cerro Rico; nas proximidades, o Virrei Francisco de Toledo funda a cidade de Potosí e na mesma, a súa primeira Casa da Moeda. Constrúese en 1572 e o seu custe ascendeu a 8.321 pesos, un tomiño e 13 gramos de prata, concluíndose a obra despois de case tres anos.

No proceso de acuñación de moedas fundíase a prata nun forno de crisol vertendo despois o metal en moldes; a barra resultante aplanábase sobre un tas ou iunque de prateiro e máis tarde recortada para obter cospeles de forma circular. A acuñación era artesanal, a golpe de martelo utilizando cuños e cospeles. O resultado eran moedas irregulares, as chamadas Macuquinas.

De Bolivia hai unha moeda de 1/2 Real macuquina co **Nº 22** da que non se pode precisar o ano debido ao desgaste; outra de 2 Reales tamén macuquina de 1739 de Potosí co **Nº 17**.

1 Real de Carlos III de Potosí datado en 1774 e ensaiador J.R. que corresponde co **Nº 16** e outro similar co **Nº 8** e 1 Real de Carlos III de 1776 con ceca de Potosí e ensaiador P.R. iniciais correspondentes a Pedro Narciso Manzano (P) e Raimundo de Iturriaga (R).

No anverso aparece “CAROLUS. III. DEL GRATIA”, data e busto do soberano. No reverso: “HISPAN. ET IND. REX. PTS” en monograma, valor R (real) e iniciais do ensaiador, ao centro o escudo de España.

E unha quinta moeda con valor de 1 sol de 1830 co **Nº 9**.

ARXENTINA

En **Arxentina** lévanse os primeiros cuños para moedas en 1815 á provincia de Córdoba, onde se instalou a primeira Casa da Moeda Arxentina. Despois dun tempo, todas as provincias terían a súa propia Casa da Moeda.

As primeiras moedas, en lugar de ter o rostro do Rei, comezaron a levar a lenda “EN UNIÓN Y LIBERTAD”.

En 1824 na provincia de La Rioja comezaron a acuñarse moedas de ouro e prata cun deseño similar ás de Potosí. Tiñan o nome de provincias unidas.

En 1881 o peso quedou establecido como a unidade monetaria da



República Arxentina; e dese país hai tres moedas de Córdoba: 1 Real do ano 1841 co **Nº 10**, outro de 1848 co **Nº 15** e 2 Reales de 1844 co **Nº 5**.

Da provincia de La Rioja, ½ Real de 1854 correspondente co **Nº 12**.

URUGUAI

Uruguai, é o último país representado cunha moeda de 10 Céntésimos de 1877, **Nº 13** coa Escudo de armas e a lenda "REPUBLICA ORIENTAL DEL URUGUAY" no anverso e no reverso 10 CENTESIMOS, debaixo  - da Ceca de París, Palmas de loureiro e oliveira e "LIBRE Y CONSTITUIDA - 1877".

Acuñaéronse 3.000.000 destas moedas en prata de lei 723 cun peso de 2,5 gramos. Sendo director da Ceca Alfred Renouard e gravador xeral Albert-Désiré Barre. Foron retiradas de circulación o 15 setembro de 1917.

Así finaliza o percorrido por un curioso cadro que algún fiel devoto da Virxe do Cristal entregou para que perdurase no tempo como ofrenda feita en 1901.

GLOSARIO

CECA: Establecemento onde se acuñan as moedas.

COSPEL: Disco de metal disposto para recibir a acuñación na fábrica da moeda.

ENSAIADOR: Persoa que ten por oficio comprobar a lei dos metais empregados nas fábricas de moedas.

GRAVADOR: O que esculpe, debuxa ou sinala con incisión o molde matriz para acuñación de moedas, operación moi dificultosa, xa que o artista debe realizalo ao revés.

IMPRONTA: Reprodución de imaxes en oco ou relevo en calquera material brando e dúctil.

MACUQUINA: Aplícase a algunhas moedas que se acuñaron no Perú colonial. Aplícase a algunhas moedas de ouro e prata de curso legal ata mediados do século XIX na América Latina. Só se coñecen moedas macuquinas acuñadas nas Cecas de Lima e Potosí.

REAL: Moeda de prata que comezou a circular en Castela no século XIV, base do sistema monetario español ata o século XIX.

RESELO: Nome co que se denomina a un conxunto de contramarcas e punzóns. Os reselos estampáronse nas moedas por infinidade de causas, xeralmente en situacións de emerxencia monetaria, ben para devaluar ou revalorizar todo tipo e clase de moeda.

VELLÓN: Aliaxe de cobre e prata en distintas proporcións. Pode ser rico ou pobre dependendo da cantidade de prata que se mesture.

Bibliografía

"Las monedas españolas desde los Reyes Católicos a Juna Carlos I" de Juan R. Cayón e Carlos Castán.

"Standar Catalog of world Coins" (1995)

"Los verdaderos emblemas patrios de Chile 1810-2010" de Rodolfo Manzo G.

"Historia de las medallas argentinas, 1747-1880" de Cunietti-Ferrando, Arnaldo


Investigaciones de Memoria Chilena, Biblioteca Nacional de Chile (DIBAM)

"Memoria del Ministerio del Interior presentada al Honorable Congreso Nacional" - Ministerio del Interior Argentina, 1881

"Ley del 23 de marzo de 1880" de Perú

"2007 Standard Catalog of World Coins 1801-1900, 5th edition" de Krause Publishing

"Catálogo de Monedas de la República Oriental del Uruguay" de Caracha Rigau, Miguel y Reynaldo 1980



Torre de Vilanova

Data de solicitude: 26/4/2011

Data de aprobación: 27 /4/2011

Data de presentación: 17/5/2011

M^º ELISA ABAD SUÁREZ

Sociedade Filatélica Miño de Ourense

A PRESENZA DE VILANOVA DOS INFANTES NA FILATELIA

M^a Elisa Abad Suárez

A palabra Filatelia ten a súa orixe en dous vocablos gregos: *Philos* (amante) e *Atelia* (derivado de *ateles*, pagado previamente). Pódese dicir que significa "amor polos selos".

A esta afección por reunir, catalogar, clasificar, e despois colocar para mostralos, únese ao interese da Sociedade Miño por difundir o Patrimonio material e inmaterial da terra e así, súmase a calquera iniciativa que poña en valor o que temos hoxe grazas ao legado recibido dos que nos precederon no tempo.

Centrándonos en Vilanova dos Infantes (Celanova), percorrerase os selos e cuños que dan conta da localidade e de persoeiros vencellados con ela.

Comezaremos polos "selos personalizados". A emisión deste produto de Correos autorizábase por Resolución conxunta da Subsecretaría de Fomento e de Economía e Facenda do Goberno de España do 20 de decembro de 2006. Saía publicado no BOE (Boletín Oficial do Estado)

número 312 o sábado 30 decembro do mesmo ano.

A Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda procede a impresión dos pregos sobre os que se estamparán as diferentes imaxes, de acordo coas seguintes características:

○ PROCEDEMENTO DE IMPRESIÓN: Offset, en azul (pantone 541 C).

PAPEL: Autoadhesivo fosforescente.

DENTADO: 13 $\frac{3}{4}$.

FORMATO DOS SELOS: 40,9 x 28,8 mm. (Horizontal e vertical).

ESPACIO LIBRE PARA A IMAXE PERSONALIZADA: as palabras «España» e «Correos» e o valor do franqueo «A», ocuparán un espazo no superior a 10 x 28,8 mm, quedando libre o resto da superficie.

FORMATO DO PREGO: 297 x 210 mm (UNE A-4).

EFFECTOS EN PREGO: 25

VALOR POSTAL: Tarifa A, para os dous selos (Horizontal e vertical); corresponde ao franqueo de cartas normalizadas ata 20 gramos enviadas ao territorio nacional.



A posibilidade de personalizar os signos de franqueo incorporando imaxes e creación artísticas orixinais contribúe a aumentar a circulación de cartas e promove a actividade económica, coadxuvando a difundir as efemérides, a cultura, os valores, e, en xeral, os logros da sociedade.

No caso que nos ocupa, serve para difundir os lugares representativos de Vilanova dos Infantes e os persoeiros que levaron a gala ter vinculación coa localidade.



VILANOVA DOS INFANTES



Sobre ilustrado e tarxeta máxima conmemorativas



Celso Emilio Ferreiro

Data de solicitude: 28/3/2012

Data de aprobación: 29 /3/2012

Data de presentación: 17/5/2012

No ano 2011 a Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfilica Miño decide comezar unha serie dedicada a castelos e fortificacións da provincia de Ourense; o elixido para iniciar a serie é un selo dedicado á Torre de Vilanova dos Infantes, única parte conservada do castelo do século XII; ten planta case cadrada de 9,95 m x 9,30 m, con muros de 1,80 m, moi bo aparello e cunha sinxela pedra de armas dos Zúñiga. Está asentada nunha rocha na parte alta do pobo.

Presentábase no Centro Comarcal, coincidindo coa décima edición da Romaría Raigame celebrada, coma cada ano, o 17 de maio.

Por primeira vez, Vilanova dos Infantes voaba ao lombo das cartas polo mundo adiante; o selo acompañouse dun sobre ilustrado e unha tarxeta máxima con vistas da localidade.

No ano 2012, coincidindo co Centenario do Nacemento do escritor Celso Emilio Ferreiro Míguez (Celanova, 1912- Vigo, 1979), e os 50 anos da publicación da súa obra máis representativa "Longa Noite de Pedra", a Sociedade promove un selo dedicado á súa figura.

Reprodúcese nel unha imaxe de Celso Emilio acompañada do texto



"Centenario 1912-1979 Celanova Ourense"; os escudos do Concello de Celanova e da Sociedade Miño ademais do logo co que a Xunta de Galicia sinalou o ano 2012 como ano Celso Emilio.

Celso Emilio xa tiña aparecido con anterioridade en material filatélico: no ano 1989, a Real Academia Galega lle dedicara o Día das Letras Galegas, e con ese motivo celebrábase en Celanova unha exposición filatélica na que se presentou un cuño conmemorativo coa imaxe do escritor.

No ano 2013, o tema elixido na Romaría Raigame foi o circo co que Vilanova dos Infantes leva vinculada máis de cen anos; por iso a Sociedade Miño decidiu aportar o seu gran de area e poñer en circulación dous selos sobre o tema nos que aparecesen figuras do circo con raíces nesa terra.

Un deles dedicado ao Circo Feijoo; Secundino Feijoo naceu o 4 de xuño de 1864 en Vilanova dos Infantes, e chegou a forxar un dos circos máis importantes de España no século XX. En 1890 instala unha carpa co nome "CIRCO FEIJOO" con máis de 40 artistas e con músicos. En 1897 naceu o seu fillo Manuel Feijoo e con Arturo Castilla casaron con dúas fillas do propietario do Circo Americano que pasará a ser o CIRCO PRICE.


O selo e o sobre reproduce un dos primeiros anuncios protagonizados por este Circo; a tarxeta máxima leva a imaxe do cartel anunciador da Romaría Raigame do ano 2013.

Outra rama dos Feijoo é a que deriva da irmá de Secundino, Blasinda que casou en Vilanova con



Circo Feijoo

Data de presentación: 17/5/2013





Manuel Méndez, coñecido como o "Cucufate". A súa filla, María Méndez Feijoo tivo un fillo en 1933 chamado Jesús César Silva Méndez, máis coñecido como Padre Silva.

Estudou para cura exercendo de Capelán no Circo Americano durante sete anos. En 1964 crea o "Circo de los Muchachos" que nacera en Ourense en 1956; con sede en Benposta, a escola de circo foi referente a nivel mundial para a formación de artistas.

A "troupe" é e será o seu símbolo de identidade, e por iso é o motivo central do selo que se lle dedica. O "Padre Silva" faleceu o 2 de setembro de 2011 sendo soterrado ao día seguinte no Panteón familiar do Cemiterio de Vilanova.

No sobre o escudo que lucían os primeiros integrantes do Circo e na tarxeta unha imaxe do Padre Silva na

Exposición Filatélica San Martiño 2010, das últimas ante de que unha enfermidade o alonxase da vida pública.

No ano 2015 chegou o momento de solicitar dous selos que recolliesen os bens máis prezados polos veciños de Vilanova e que aquel 10 de marzo lle arrebataran enchendo de tristura a zona.

Por iso, un deles recolle a venerada imaxe da Virxe do Cristal venerada na localidade. É unha diminuta bola de cristal sen abertura algunha coa imaxe da Virxe en actitude orante que foi atopada no século XVII. A Virxe, que está encerrada nunha minúscula cápsula de vidro, adquiriu gran proxeción popular grazas a un poema do mesmo nome escrito en 1880 por Manuel Curros Enríquez (nado en Celanova e xunto con Rosalía de Castro, o grande referente das letras galegas de finais do XIX). A súa festividade conmemorase o 15 de setembro.

Outro dos selos está dedicado ao que fora durante corenta anos custodio da Virxe e párroco de Vilanova, lugar onde foi asasinado o 10 de marzo de 2015, D. Adolfo Enríquez Méndez (Vila-Calvos de Randín, 10/5/1937 / Vilanova dos Infantes, 10/3/2015).

Rendéuselle unha homenaxe o 17 de maio de 2015 "Día das Letras Galegas" na Romaría Raigame da que fora o seu grande promotor e alí se fixo a presentación oficial.

Os veciños recolleron un cadro co material filatélico posto en circulación nesa data para que permaneza para sempre en Vilanova dos Infantes como herdeiros do espírito da Virxe do Cristal e de quen perdeu a vida por defendela.

Unha pequena homenaxe da Sociedade Miño a un pobo ourensán con moita historia.



GLOSARIO DE TERMOS

DENTADO: O dentado dun selo indícase filatelicamente por unha cifra que corresponde ó número de perforacións que hai en dous centímetros. Unha soa cifra indica que o dentado é igual en todos os seus lados; cando se indican dúas cifras, a primeira refírese ó dentado horizontal e a segunda ó vertical.

FOSFORESCENCIA: Propiedade de emitir luz dalgúns materiais, como o fósforo, que poden ser utilizados na fabricación do papel para selos.

OFFSET: Sistema de impresión no que a prancha que contén o deseño, prancha impresora, non ten relevo. E está baseada no principio de repulsión dos produtos graxos (tinta) e a auga. Un rodillo humedecido en auga molla a prancha nas partes sen debuxo, previamente graneada, o entintado fano outros rodillos con tinta graxa, sobre o debuxo unicamente, dado que o resto da prancha está protexida pola película de auga retida nos grans.

PANTONE: Pantone Matching System é un sistema de identificación, comparación e comunicación da cor para as artes gráficas. O seu sistema de definición cromática é o máis recoñecido e empregado polo que normalmente chámase Pantone ao sistema de control de cores.

PREGO: Conxunto de selos dunha emisión que se imprimen dunha soa vez.

TIRADA: Número total de selos que compoñen unha emisión

VALOR POSTAL ou FACIAL: É o valor de venda do selo. Normalmente correspóndese co de algunha tarifa postal vixente no país de orixe.



Bibliografía:

Catálogo especializado de España y Dependencias, Edifil, S.A.
Palacios Seijas, Alejandro. Catálogo de Matasellos especiales y primer día y rodillos de Galicia (1952-2001)



Santa María de Vila, Calvos de Randín



A casa familiar de D. Adolfo Enríquez en Vila

JOSÉ MANUEL ENRÍQUEZ GONZÁLEZ

Sobriño de Don Adolfo

BIOGRAFÍA

DE

D. ADOLFO ENRÍQUEZ

José Manuel Enríquez González

Ás veces o destino quere marcarnos camiños que nunca, nin en pesadelos imaxinábamos íamos facer. Hoxe é unha de esas ocasións nas que ninguén de nós quixera verse, escribir a biografía dun dos seus seres máis queridos. A biografía dun home especial, dun familiar excepcional, pero que por riba de todo era una persoa moi grande, naceu humildemente e morreu humildemente, fiel ás súas crenzas e convicións, e sobre todo como el quixo morrer, no nome de Xesús Cristo, defendendo a nosa Señora do Cristal.

Adolfo Enríquez Méndez, «Don Adolfo», naceu nunha pequena aldea da montaña de Ourense chamada Vila (Parroquia de Santa María de Vila), concello de Calvos de Randín, o 10 de Maio de 1937, fillo de Justiniano e Concepción, foi bautizado con este nome en honor e respecto a un tío así chamado e tamén sacerdote, moitos anos párroco de Santa Isabel de Ganade, Don Adolfo Méndez Vázquez. Foi sempre un neno extrovertido, alegre, soñador, e sobre de todo cun corazón que non lle cabía no peito, sempre con ganas de axudar aos seus semellantes, familia, amigos e veciños. Os labores agrarias non eran o seu forte, e algunha que outra vez gustáballe



D. Adolfo Enríquez e os seus compañeiros no seminario

máis xogar cun grilo que cruzaba a terra que recoller as patacas da colleita. Pero sobre todo tamén prefería ambientar con cantigas de neno os traballos dos seus.

Un bo día con dez anos e da man do seu irmán Celso deixou o pobo, foi nese momento cando ingresou no Seminario de Ourense para seguir o camiño da palabra de Deus, ser un ministro do noso señor, caritativo, bondadoso, sacrificado, cumpridor, devoto e como Cristo marcou sempre ó lado dos menos favorecidos. A súa misión pastoral comezou na parroquia de San Vicente de Lobas moi perto da súa casa, do seu pobo, da súa xente. Foron anos duros, para un cura novo e recén ordenado, anos nos

que un cura era coma un ministro e a súa palabra e decisións eran de suma importancia. El foi como el era, un home do pobo, era un labrego entre os labregos, e cando estes labregos non lle ían a misa dos domingos porque había que traballar, el lonxe de comportarse coma outros cregos do momento a base de reprimendas, visitaba nas fincas aos veciños, saudábaos, falaba con eles, cantáballe unha cantiga, faláballes de Deus sen imposicións nin obrigas. A xente empezou a acudir á casa do noso señor con ledicia e alborozo ó mesmo tempo que facían as súas tarefas.

A súa segunda misión pastoral foi na parroquia de Santa Eufemia do centro (Ourense), polo ano 1967, aínda hoxe



D O N A D O L F O



Orla en recordo da ordenación de D. Adolfo Enríquez



A música popular, unha das aficións de D. Adolfo



Ordenación sacerdotal de D. Adolfo



D. Adolfo amosando a Virxe do Cristal recién chegada a Vilanova

moitos de aqueles mozos e mozas se lembran de aquel curiña novo con aires renovadores, crego de boa voz musical, pero ante todo gran persoa.

Ata que polo ano 1968 cruzouse no seu camiño o momento de tomar a decisión que marcaría a súa vida, escoller entre a Nosa Señora das Mercedes (A Saínza), e a Nosa Señora do Cristal (Vilanova dos Infantes), contra o criterio familiar escolleu a parroquia de San Salvador de Vilanova dos Infantes, converténdose ó mesmo tempo no custodio da Nosa Señora do Cristal. Decisión que lonxe de ser desacerxada converteuse co paso do tempo nun dos mellores camiños marcados por o noso señor Xesús Cristo.

Tempos novos en Vilanova dos Infantes, tempos de incerteza cun Franquismo nos seus últimos folgos aplacando, anulando e impedindo calquera festa, celebración ou romaría que incitase posibles alborozos. Foi Don Adolfo que resucitou a Romaría da Nosa Señora a Virxe do Cristal, en conversas con monseñor Temiño (home duro segundo dicían e bispo fiel ó réxime segundo contaban), Don Adolfo convenceu á súa Ilustrísima de levar a cabo esta romaría que co paso dos anos converteuse nunha cita anual para moitos devotos, crentes e cristiáns. Tamén

levantou a festa de Santa Ana no mesmo pobo de Vilanova. E que dicir da Romaría Etnográfica Raigame, el foi quen axudou o seu nacemento, o seu desenrolo, o seu impulso, o seu sostemento. Don Adolfo foi o mellor embaixador, o mellor informador turístico que Vilanova Dos Infantes puido ter e contar.

Foi administrador de varias parroquias, Castromao, Gandarela, Orga, Ansemil, Cañón e San Martín do Mes, desempeñando en todas elas un labor pastoral exemplar, sempre volcado cos seus feligreses pero por derriba de todo veciños, coas súas vidas e os seus problemas, aínda que non frecuentasen moito a casa de Deus, Don Adolfo estaba sempre ó seu carón axudando e colaborando, tratando de levar o seu ministerio sen importar credo nin condición. Sempre ó lado dos menos favorecidos, dos enfermos, dos vellos, dos nenos. A súa casa sempre aberta para todos.

Un día puido ver feito o seu soño de sempre, visitar e coñecer Terra Santa, quería ver os lugares por onde se moveu o noso señor Xesús Cristo, onde nacera e onde foi morto. Como se o noso señor o quixera premiar con pisar os seus lugares.

Disfrutou como nunca, cando nos narraba o seu viaxe en cada



momento de xuntanza, era como se nos atopásemos alí mesmo. Contaba e narraba de tal forma que non eran relatos, eran feitos que tu vivías e disfrutabas ó mesmo instante. Como cando mostraba a imaxe da Nosa Señora, contaba a lenda de tal forma que te facía retroceder no tempo, mesturaba de tal forma o respecto co humor, a relixión coa ciencia, o pasado co presente que todos os que o escoitaban quedaban prendados e atónitos.

Pero un día, o 10 de Marzo de 2015, como se querendo seguir o mesmo camiño de Xesús Cristo, morreu defendendo a palabra de Deus, morreu defendendo a Virxe do Cristal, morreu defendendo a súa fe cristiá, morreu como viviu, como un cura verdadeiro, por Deus e polos seus semellantes, os menos favorecidos. A súa casa sempre aberta a todos, as súas portas sen pechaduras para ninguén, as súas pertenzas ó servizo de todos. Entregouno e deuno todo, ata o último céntimo, ata a última gota de sangue e suor, ata o último folgo.

Só a historia e o tempo farán xustiza a este home, a este crego, a este amigo e familiar. Só a historia e o tempo axudarán a que onde termina a persoa comece a lenda e o mito, porque xa hoxe é recordo permanente de todos.

E se me permitides unha pequena licenza e cambiando un pouco as palabras de Curros quixera cerrar esta lembranza de esta forma:

“Xentes de Vilanova, ben vos podedes gabar, que non houbo cura coma o voso, Don Adolfo, o mellor custodio da nosa Señora Do Cristal.”



D. Adolfo á cabeza dunha procesión en Vilanova



D. Adolfo, afeccionado á fotografía




D. Adolfo en Xerusalén



D. Adolfo cos danzantes na celebración do Cristal

In memoriam dun home bo e xeneroso



CESÁREO IGLESIAS

Párroco de San Rosendo de Celanova
e Arcipreste das Terras de Celanova.

E V O C A C I Ó N D E

D. Adolfo



Cesáreo Iglesias

Qdía dez de maio do mil novecentos trinta e sete nace en Vila, na Alta Limia, Adolfo Enríquez Méndez, fillo de Concepción e Justiniano, membro dunha familia numerosa. A súa familia profundamente cristiá e o seu tío cura crean o clima oportuno para que o rapaz entre no Seminario. Arroupado polos seus vai a seguir descubriendo a súa vocación.

Foi ordenado sacerdote o vinte e tres de decembro do mil novecentos sesenta e un por D. Ángel Temiño Saíz. O primeiro destino como crego será San Vicente de Lobas, prefino da súa terra, e logo, como era un cura moi pulido, Vicario Parroquial de Sta. Eufemia do Centro. Pasados uns anos é destinado a San Salvador de Vilanova dos Infantes e Sta María de Castromao- Gandarela; posteriormente deixa Sta María de Castromao- Gandarela e encárgase de San Lorenzo de Cañón, Sta. María de Ansemil e San Martín Domes.

D. Adolfo non albergaba nin odio, nin rancor, nin precipitación; era unha persoa calmosa, serena, tranquila. Sempre tiña palabras de alento, esas palabras que sempre nos dicía para animarnos aos compañeiros, sacerdotes, e que con toda a pausa da súa voz nos infundía paz, moita paz.

D. Adolfo era unha persoa sinxela, sincera, boa, doce, agradable, atenta, servicial, solidaria, íntegra; irradiaba optimismo, alegría, harmonía.

Participa en cursiños variados para estar ao día en orde a súa actuación sacerdotal e pastoral. Vive con ilusión e entrega a súa vocación sacerdotal.

Cando eu era filósofo, el era xa teólogo; lembro as súas actuacións musicais nas grandes solemnidades culturais e relixiosas do seminario amosando unha voz envidiable acompañada dun oído musical extraordinario, que seguiu cultivando no medio de nós.

Viviu unha experiencia interesante en tempos difíciles, como Director Espiritual do Seminario Maior; ía para Bispo, pero a súa morriña, o amor á Virxe do Cristal, e os seus fregueses impedírono. Volveu á comarca cheo de ilusión e con moitas ganas de seguir tra bailando.

Foi unha persoa con gran sentido do humor; gustáballe disfrazarse no carnaval; un día do carnaval veu a predicar á novena de San Rosendo e traía os utensilios para disfrazarse, colocounos, vestiu de cura ó sancristán, o Señor Manuel *Pirilo* e díxome:



saímos así. Contesteille: ti verás. Pero o respecto ó templo, os devotos de San Rosendo e a Deus frearon a súa broma.

Era unha persoa inquieta, dinámica. Andou metido na idea dunha cooperativa de zapateiros; entre os posibles socios estábamos D. Delmiro, que estaba en Cañón e tamén eu. Estaba animoso, decidido, pero deuse conta de que a xente confiaba demasiado nel; e tivo medo a defraudalos.

Arranxou os templos das parroquias que dirixiu, o Santuario do Cristal, a casa da Santa, e deixou para o final a súa casa.

Potenciou a novena e a festa da Virxe do Cristal dándolle grande solemnidade e conservando a tradición: usos e costumes, fixo un altar moi acolledor e fermoso para ter a Misa de campaña, organizou cos sacerdotes do arciprestado a peregrinación das distintas parroquias durante á novena, e celebrou con gran entusiasmo e cos curas do arciprestado a Sta. Misión predicada e dirixida polos Padres Paúles no ano noventa e seis.

O seu orgullo era ser o custodio e gardián de Virxe do Cristal, e creo firmemente que o foi ata o final dos seus días. Á imaxe da Virxe do Cristal e a D. Adolfo non os podemos ver, nin tocar, nin bicar; pero experimentamos a súa presenza espiritual, sabemos que temos dous grandes intercesores no Ceo que enviarán sobre Vilanova e os peregrinos ó Cristal moitas grazas, dons e bendicións.

Durante moitos anos exerceu de Delegado dos Cursiños de Cristiandade, onde desenrolou co equipo directivo un gran labor, resucitando os Cursiños e converténdoo en espello para outras Dioceses de España e do Norte de Portugal.

Colabora na Diocese de Ourense dando retiros os curas dos distintos arciprestados e aportando a vivencia da súa espiritualidade sacerdotal e pastoral.

Sempre se volcou a prol dos necesitados e transeúntes que pasaban con frecuencia pola súa casa; bo, con algúns fixo experiencias de traballo na súa horta con máis ou menos éxito. Foi sempre unha persoa disposta a servir, á hora que sexa, aportando as súas

calidades, os seus cartos, o seu coche, o seu tempo e a súa persoa, dun xeito especial, os menos favorecidos. Era unha persoa da que un se podía fiar plenamente: pacificador, bo conselleiro, pastor exemplar e pai de todos.

Gustáballe moito o campo e o rural; tivo tempo para dedicarse xunto co seu irmán Celso ó cultivo do mel na súa terra, a Alta Limia, e era do millorciño que se vendía na comarca; tamén o cultivou en Vilanova, pero os amigos do alleo mangáronlle as colmeas.

Explotou co seu irmán unha minigranja variada con kikirikis, faisáns e pombas, e cultivou o seu viñado facendo (uns anos mellor que outros) un caldo moi xeitoso.

Era afeccionado dun club, que está de moda, o Atlético de Madrid, e claro tiña o contrapunto do Sr. José Meléndez (alias Nexón), que en paz descansen, que era do Barça, e o do seu sobriño, José Manuel que é un fervoroso devoto do Real Madrid

As xentes de Vilanova, que son moi intelixentes e saben ler entre liñas, coñecían os seus gustos, ilusións e soños; sabían do desexo que tiña de ir á Terra Santa, e para darlle as grazas por dedicarlle o seu tempo, a súa persoa, e a súa vida regaláronlle a viaxe nas vodas de ouro sacerdotais. Sei por el mesmo que foi unha gozada e que gozou a tope na terra de Xesús .

D. Adolfo é como viño, que cos anos mellora, se é bo; agora fixérase puntual, e as súas saborosas e vivenciais predicacións máis cortas.

E, para rematar graciñas no nome de todos pola súa disponibilidad, pola súa solidariedade, polo seu apoio, e polo regalo de toda unha vida, que esperamos seguir disfrutando con vostede no Ceo cando Deus nos chame.



Don Adolfo Enríquez Méndez
10-5-1937 / 9-3-2015
R.I.P

Yo quiero dejar mi recado, no tengo pasado pero tengo amor,
el mismo de un crucificado que quiso dejarnos un mundo mejor.
Yo digo a los indiferentes que soy de la gente que cree en la cruz;
y creo en la fuerza del hombre que sigue el camino de Cristo Jesús.
Al pecho llevo una Cruz y en mi corazón lo que dice Jesús.


Padre Zezinho

"Yo soy el Buen Pastor. El Buen Pastor da la vida por las ovejas"

(Jn.10,11)

GOZOS EN HONOR DE NUESTRA SEÑORA DEL CRISTAL

que se venera en la
parroquial iglesia de Villanueva de los Infantes, Obispado de Orense.



En pequeño Cristal encerrada,
Virgen santa, tu imagen nos das;
A ti gloria alabanza sea dada,
Madre nuestra, Virgen del Cristal

Escuchad, ó Señora, los cantos
Con que el pueblo celebra gozoso
El hallazgo del Cristal que encierra
Vuestra imagen y rostro amoroso;
Esta imagen que es prenda sagrada
Que nos dió vuestro amor maternal.

Pues tus ojos volviste benigna
Sobre el pueblo que habita este suelo,
Y tu imagen nos diste graciosa
Y con ella tu amor y consuelo:
La novena á Ti dedicada
Ofrecemos por tanta bondad.

Ved el campo entre cuyas arenas
Aparece el Cristal milagroso:
Pastorcilla inocente lo encuentra...
Villanueva entonces gozoso,
Esta imagen, esclama, sagrada:
Es prenda mía y don celestial.

Que no ha sido por industria humana
Fabricada, lo afirma la historia;
Confirmando su admirable origen.

Ÿ. Ora pro nobis, sancta Dei genitrix.

Los prodigios dignos de memoria,
Tradición que constante y guardada
Recibimos de la antigüedad.

Del Cristal milagroso la fama
Donde quiera se estiende; y sus votos,
Sus personas y haciendas los pueblos
Ya le ofrecen, diciendo devotos:
«A la imagen alcemos sagrada
Templo digno de su Magestad.»

Ya se eleva, frente al campo, en donde
Se oculta el Cristal tan precioso,
Edificio que lleva en su nombre
De María el Nombre glorioso,
Santuario en donde adorada,
Virgen Santa, por siempre serás.

Venid, pueblos, adorar la imagen
Del Cristal, que ennoblece este suelo:
Aquí el pobre, el enfermo, el cuitado
Hallarán pronto auxilio y consuelo:
Venid pues á la imagen sagrada
En devota novena adorar.

En pequeño Cristal encerrada
Virgen santa, tu imagen nos das:
A ti gloria, alabanza sea dada,
Madre nuestra, Virgen del Cristal.

R. Ut digni efficiamur promissionibus Christi.

OREMUS.

Gratiam tuam, quæsumus, Domine, mentibus nostris infunde; ut qui, Angelo nuntiante, Christi Filii tuæ incarnationem cognovimus; per passionem ejus et crucem ad resurrectionis gloriam perducamur. Per eundem Christum Dominum nostrum. Amen.

Imp. de V. Berdós, Molao, 81.

MIGUEL ÁNGEL GONZÁLEZ GARCÍA

Arquiveiro da Catedral de
Ourense.

PLIEGO DOS GOZOS CATALÁNS DE NOSA SEÑORA DO CRISTAL

Miguel Ángel González García

Os gozos en xeral

Os gozos son composicións poéticas populares para ser cantadas inicialmente en honor da Nosa Señora e máis adiante en honor de Cristo e de moitos santos e santas. Non imos a historiar esta literatura e só queremos destacar que como impresos con determinadas características fixéronse até hoxe moi populares en Cataluña e Valencia. Se nun principio eran por encargo de parroquias e santuarios para satisfacer a piedade dos devotos, que os levaban como recordo, despois, a partires do século XIX, foron obxecto de colección e editáronse moitísimos dedicados a case todo o santoral tendo un dobre interese, o devocional e o tipográfico. Hai importantes coleccións nas principais bibliotecas catalás e tamén na Biblioteca Nacional de Madrid que é onde temos localizado o dedicado á Nosa Señora do Cristal, que é totalmente descoñecido e que sendo lóxico que se tivera distribuído en Vilanova, non hai constancia algunha de elo, nin ningún exemplar entre nós. Con probabilidade non o encargou o santuario como se bota a ver no título que supón que a imaxe *se venera en la parroquial iglesia de Villanueva de los Infantes* cando xa existía o santuario.

A morfoloxía destes impresos é sempre a mesma e cúmprese en todo o que comentamos. Imprímense nunha soa cara en tamaño folio ou similar e teñen a seguinte estrutura: a cabeceira co nome da advocación e lugar onde se venera, comezando en catalán ou castelán indefectiblemente coas palabras *Gozos en honor de...* Despois un gravado coa imaxe da advocación no medio de dous adornos tipográficos e a orla que abarca todo o corpo do impreso, o texto en columnas (dúas ou tres) porque é unha composición poética, e despois de cada estrofa repítese a «tonada» que son os dous últimos versos da entrada e ao final a oración en latín.

Os Gozos de Nosa Señora do Cristal

De acordo co anterior, levan en distintos tipos de letra e todo enmarcado en orla tipográfica de motivos vexetais.

1º Título:

GOZOS EN HONOR/DE/NUESTRA SEÑORA DEL CRISTAL/ que se venera en la/ parroquial iglesia de Villanueva de los Infantes, Obispado de Orense.



2º Gravado da Virxe no seu relicario e baixo un dosel con dous anxos adorando. Aos lados dous adornos tipográficos. O pé do relicario, similar ao dunha custodia, quizais era modo primitivo de ofrecela na veneración.

3º Composición poética con rima en asonante. Estrofas de catro versos (1ª e última estrofa repetidas) e de 6, as sete de que consta, que co estribillo que se debe repetir ao final de cada unha serían de

8. Todos decasílabos. O estribillo en cursiva di: *A ti gloriosa alabanza se dada/Madre Nuestra, Virgen del Cristal.*

O contido describe o achadego milagroso, fai alusión ao santuario e invita á devoción. Ignoro o autor, que sabe versificar, quizais se teña baseado no coñecido relato do Padre Villafañe para a composición.

En pequeno Cristal encerrada,
Virgen Santa, tu imagen nos dás:
A ti gloria alabanza sea dada,
Madre Nuestra, Virgen del Cristal.

Escucha, o Señora, los cantos
Con que e pueblo celebra gozoso
El hallazgo del Cristal que encierra
Vuestra imagen y rostro amoroso;
Esta imagen que es prensa sagrada
Que nos dio vuestro amor maternal.

Pues tus ojos volviste benigna
Sobre el pueblo que habita este suelo,
Y tu imagen nos diste graciosa
Y con ella tu amor y consuelo
La novena a Ti dedicada
Ofrecemos por tanta bondad

Ves el campo entre cuyas arenas
Aparece el Cristal milagroso;
Pastorcilla inocente lo encuentra...
Villanueva entonces gozoso,
Esta imagen, esclama, sagrada:
Es prenda mía y don celestial.

Que no ha sido por industria humana
Fabricada, lo afirma la historia
Confirmando su admirable origen
Los prodigios dignos de memoria,
Tradición que constante y guardada
Recibimos de la antigüedad.



Del Cristal milagroso la fama
 Donde quiera se estiende; y sus votos,
 Sus personas y haciendas los pueblos
 Ya le ofrecen, diciendo devotos:
 “A la imagen alcemos sagrada
 Templo digno de su Magestad”

Ya se eleva, frente al campo, en donde
 Se ocultara Cristal tan precioso,
 Edificio que lleva en su nombre
 De María el nombre glorioso,
 Santuario en donde adorada,
 Virgen Santa, por siempre serás.

Venid, pueblos, adorar la imagen
 Del Cristal, que ennoblece este suelo:
 Aquí el pobre, el enfermo, el cuitado
 Hallarán pronto auxilio y consuelo:
 Venid pues a la imagen sagrada
 En devota novena adorar.

En pequeno Cristal encerrada
 Virgen Santa, tu imagen nos das:
*A ti gloria, alabanza sea dada,
 Madre nuestra, Virgen del Cristal.*

4º A invitación á oración e oración en latín que é a que se usa na oración do *Ángelus*.
 A imprenta e datación

Os Gozos levan o seguinte pé de imprenta: Im, de V. Berdós, Molas 31.

É unha coñecida imprenta barcelonesa, a de Víctor Berós i Feliu, que tivo a súa sé en varias rúas pero sobre todo consolidouse na rúa Molas núm. 31.

Coñécense moitos impresos de todo tipo pero sobre todo devocionais e gozos. Entre outros os de San León II, papa e confesor; os dos Santos Sotero e Caio Papas; os da Nosa Señora do Camiño de Casa Tarrés de la Garriga, datados en 1891; os da Nai de Deus del

Col da igrexa da Esperenza de Barcelona, que tamén foron datados en 1891; os da Nosa Señora del Fau de Carbonills, no bispado de Girona; os da Nosa Señora de Belén, que se venera na Montaña de Collerola (Barcelona). Os de Nosa Señora da Rodona da vila de Illa, datados en 1890.

Os citados de Nosa Señora do Camí ou Camiño, utilizan ao lado do gravado os mesmos adornos tipográficos dos de Nosa Señora do Cristal, polo que propoñemos a mesma data de 1891 para estes. A actividade da imprenta documéntase ininterrompidamente de 1875 a 1900.



JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ OTERO

A virxe de Xuencos

Sacerdote e xornalista.



OURENSE TAMÉN

TERRA DE MARÍA SANTÍSIMA



José Carlos Fernández Otero

Sempre que alguén me di que Andalucía é a terra de María Santísima sintome un pouco contrariado. Pode que por ese defecto propio dos ourensáns cunha humildade moi discutible, alabamos o de fóra e non tomamos conta do que acontece ao noso redor nesta terra que ferve coas Burgas, é grande coa súa Ponte e reza sempre ante as rexas de Celma o noso bendito Cristo.

Tamén Ourense é terra de María Santísima. ¡Non faltaría máis! Estou convencido é aválame a experiencia de ter recorrido por 4 veces seguidas todas e cada unha das freguesías desta diocese que ten por patrón a San Martiño pero tamén a Santa María Nai.

Un dos expoñentes do que acabo de dicir é a dor e maila rabia que os de Vilanova primeiro e despois todos os ourensáns sufrimos cando en maldita noite desapareceu a Virxe única do Cristal levando tamén a vida do seu custodio o benquerido párroco Adolfo Enríquez.

No ano 1997 publiquei un traballo que recolle as advocacións marianas

de Ourense. Pero hai un capítulo que quizás se esquece e que para min é o máis importante. Son os máis de dous mil rastros iconográficos marianos que tiveron a sorte de recoller por toda a diocese. Non hai unha parroquia, nin unha capela na nosa xeografía que non faga lembranza, de unha forma ou de outra a quen é Mai de Deus dende a Anunciación e mai nosa dende que o seu Fillo nola deu no Calvario.

Na devoción á Virxe podemos ter en conta o seu valor relixioso, a súa categoría artística e tamén o lugar que teñen as distintas advocacións no sentir do pobo, na súa etnografía.

Cada un destes aspectos ten en Ourense unha grande importancia. Cando o noso inesquecible Xaquín Lorenzo no ano 1983 (Trasalva, Fundación Otero Pedrayo) publicou o libro "A nosa Señora do Viso" recolleu esta mesma idea. Don Cesáreo Gil Atrio, figura senlleira de Espiñoso e grande apóstolo de Venezuela, no seu traballo "Ourense Mariano" (Trípode, Caracas 1967) fixo unha aportación impagábel á devoción mariana nestas terras. Nada se pode

escribir do tema sen coñecer esta importante publicación. Cando no ano 1997 publiquei "La devoción Mariana y Ourense" baseeime fundamentalmente no esquema de Gil Atrio.

Ao recoller os máis de dous mil rastros iconográficos marianos na nosa diocese convencínome de que Ourense é mariana por excelencia.

Ourense ten grandes mostras artísticas de autores de moita sona que deixaron imaxes valiosas para o arte pero máis valiosas aínda para o pobo que as ama, acude a elas e as venera.

Porque hai que ter en conta imaxes e advocacións de grande valor artístico, pero tamén sen valor para o arte pero con moito para a fe do pobo.

Aínda que pode cansar o lector vou recoller soamente algunhas mostras como a Abriedeira e maila Esperanza en Allariz, Virxe do Leite de Oseira, na Catedral as Virxes románicas, a Virxe Peregrina, dúas virxes pétreas, a Virxe de Belén e a Virxe sedente, a Dolorosa da escola castelán e tamén a de Trapani na capela do Cristo.



A Virxe do Cristal chegando ao santuario

As dúas virxes góticas de Melón, A Virxe do leite de Pazos do Arenteiro, A Virxe co Neno en Palmés, Nosa Señora da Ventela, as dúas imaxes do Rosario (Ribadavia y Santo Domingo en Ourense) obras de Castro Canseco que tamén fixo o relevo do descenso na mesma capela do Cristo.

Non podemos esquecer a co-patrona da diocese Santa María Nai, a Virxe dos Milagres que nunca comprendín porque lle poñen un manto cando é unha boa talla de madeira, Nosa Señora dos Aflixidos de Sande, o Amparo de Carracedo, a Aparecida de Porqueirós, Virxe pétrea de Areas, Nosa Señora da Costría que foi roubada, cruzou o Atlántico pero foi recuperada tras uns anos desaparecida. Confiamos en que aconteza o mesmo co Cristal. Virxe do Rosario e a Anunciación pétrea ambas de Esposende. A Virxe da Armada, a

Caridade de Monterrei, Purísima de Rouzós, a Esperanza de Boimorto, nosa Señora de Fátima, magnífica talla obra de Ferreira Thedim, Nosa Señora dos Gozos, a Virxe da Guía, A Virxe do Lodairo, Nosa Señora das Marabillas, Virxe do Mundil, da Trepá, do Castro de Requiás, Pena Tallada, Virxe do Portal, Virxe do Castelo de Viladerrei, Os Remedios de Ourense (queimada), Castro Caldelas, Leirado e Vilamaior do Val, Nosa Señora de Reza, A Saínza, Saleta de Astureses e Cea, Soledad da Santísima Trindade de Ourense, Vilar de Froles, Virxe do Viso, de Xuvencos, Nosa Señora de Campo Mourisco, A Merteira, Virxe románica de Rairiz de Veiga, Virxe de Rante, Asunción de Xunqueira de Espadañedo y de Vilar de Barrio, Virxe co Neno de Amoeiro e do Formigueiro, Inmaculada de Santiago das Caldas (boa obra de Magariños no século XX), Piedade

de Videferre, Virxe Peregrina de Xunqueira de Ambía e da Corna, Virxe da Candelaria de Cudeiro, Virxe co Neno de Monterrei, Virxe do Rosario de Baltar, a piedade de Banga, a Asunción do deambulatorio da Catedral e tamén a da parroquia de Trashospital, Virxe da Corna, Asunción de Velle, de Lamas, Inmaculada de Xunqueira de Ambía...

Esta relación sen dúbida ten moitas fallas. Son tantas que un pode esquecerse. Pero é un reflexo do sentir mariano nestas terras. Moitas delas son tallas valiosas pero outras son as chamadas imaxes de vestir con unha grande devoción como é o caso da Nosa Señora do Viso. E os fieis así a queren e veneran. Hai un caso que confirma o dito. A Nosa Señora da Clamadoira quixo un devoto facerlle unha imaxe de talla que suplise a de vestir e grande contrariedade leva-



María Auxiliadora (escultura de Faílde, 1954)



A Virxe de Fátima (escultura de Faílde, 1956)

ron os devotos. A nova imaxe está retirada...

Ademais das devocións propias de Ourense atopamos pola nosa xeografía devocións da Igrexa universal como pode ser o Carme no Carballiño ou na Santísima Trindade entre outras.

Non citamos aquí máis que algún releve. Mais existen moitos retablos de categoría que recollen os diversos misterios da vida da Virxe, como se recollen nalgúns capiteis pétreos como a Visitación nun capitel do museo catedralicio.

E unha cousa curiosa. Estas advocacións, estas imaxes, esta devoción mariana vén de lonxe pero tamén do século XX como pode ser a gran devoción a Fátima que aquel grande párroco D. Xosé estendeu por toda

a xeografía diocesana, sobre todo nas dúas visitas que fixo coa imaxe do Couto por toda a diocese. O mesmo o incremento na devoción na Armada ou en María Auxiliadora.

Pararse a enumerar os estilos e autores de cada unha e sobre todo a historia que as ampara non é aquí o lugar. No meu libro recollo as que eu coido que son as máis importantes. Pero teño que pedir perdón porque quizais son importantes para min pero para cada fiel de cada parroquia a súa advocación, a súa imaxe é a mellor, a máis milagreira. É o grande misterio da fe e da relixiosidade popular que, sen dúbida, non se pode someter a criterios nin artísticos nin tampouco estéticos. Teño na miña cabeza unha imaxe que é feísima e que os fieis veneran como a máis guapa. E así.

Pero ese amor e esa devoción maniféstase ao longo do ano con tantas festas por todas partes sobre todo nos meses de maio, agosto e setembro. Os mesmos emigrantes volven e non esquecen unha visita á súa Virxe querida comezando polos Milagres. Temos que subliñar algo que eu coido que é fundamental. Neste tempo de crise de fe no que as igrexas parecen estar valeiras, énchense co gallo da festa da súa patroa, da súa santa. E coido que iso tamén é fe e boa sendo preciso que a Nova Evanxelización da que se fala agora teña en conta este dato.

Teño moi certo que a Virxe é case que todo na fe desta vella Auria e que só a través dela pode recuperar a Igrexa xente que por mil causas se afastou nos últimos tempos. Xa o dicía Don Bosco: "Cando María roga, todo se obtén, nada se nega".



ISIDORO RODRÍGUEZ PÉREZ

Fundador de 'Maria Castaña'.

In memoriam

de

D. Adolfo Enriquez Méndez

Párroco de Vilanova dos Infantes

Isidoro Rodríguez Pérez

*N*a Asociación Cultural María Castaña de Lugo, que teño a honra de presidir dende o ano 1993, presentamos o nosos espectáculos diferentes personaxes da vida tradicional: fiadoras, leiteiras, segadores, tampouco faltan o fidalgo, a parella da garda civil ou o Sr. Abade; todos eles ataviados coa vestimenta popular empregada polo 1900.

A *I Romaría Etnográfica Raigame* que se celebrou en Vilanova dos Infante, acudindo á chamada de Mariló e Xulio Fernández Senra, tiven ocasión por primeira vez de substituír a don José Pérez Longarela, actor que representa o cura na nosa asociación, polo que así de súpeto vinme convertido, na ficción no Sr. Abade de Vilanova dos Infantes; ataviado con sotana romana, botas dos zapateiros de Vilanova e cubrindo a cabeza con tella, debaixo da que en días calurosos ía cun pano de herbas para secar a suor.

Durante estes anos foron moitos os comentarios e anécdotas que vivín. Entre as preguntas máis abondosas estiveron as de se eu era o cura de verdade, o que eu nunca neguei nin afirmei, tratando de dar respostas ao máis puro estilo galego, algúns quedaron conforme en que era cura, outros coa dúbida e os máis deles coa certeza de que o actor non o facía mal.

En varias ocasións achegáronse a min para preguntarme se eu era don Adolfo, noutras para presentarme os seus respectos considerando que o era; eu coma sempre, nin afirmei nin desmentín. Pois xa

Mariló e Xulio me informaron de que don Adolfo era o párroco de Vilanova dos Infantes.

Non podo deixar pasar a ocasión sen relatar unha destas situacións na que un parroquiano vido de fóra ou pouco asiduo aos actos relixiosos, achegouse a min e espetoume: *vostede é don Adolfo, cantos anos hai que non o vexo*. Volveuse cara a muller e dixo: *Ves como o é*. Logo seguiu comigo: *canto me alegro de velo, xa van uns vinte anos ou máis, moi ben se conserva porque somos da mesma quinta*. Eu respondínlle: *o que me conserva é que teño moitas parroquias que atender, ti debes de levar unha vida moi folgada por iso estás máis avellentado*. Daba así por rematada a conversa, mentres a muller seguía insistindo en que non o era.

Nesta ocasión entrou o aquel de ir coñecer a don Adolfo. As présas e un ano por outro... foi pasando o tempo e nunca cheguei a coñecelo persoalmente.

Nunca ninguén me falou mal del, pero si ben...

Quero facer o que non fixen persoalmente: presentarlle a título póstumo os meus respectos e pedirlle desculpas, se a miña persoa non é o suficientemente digna para representar a este persoeiro que tristemente se fixo máis coñecido polo seu pasamento.

Sr. Abade, don Adolfo, deséxolle que descanse en PAZ ao lado de Deus, ao que vostede lle dedicou unha vida enteira de servizo.

ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

FOTOGALERÍA DOS 4 ÚLTIMOS CONCURSOS DE FOTOGRAFÍA



Primeiro premio mellor fotografía 2011

Héctor Guzmán





Segundo premio mellor fotografía

Carmen Blanco



Terceiro premio mellor fotografía

José Izquierdo



2012 • Premio Serie Fotográfica

Salomé Garrido Fernández

“As mans que tecen”

*As mans, separan a urdime,
As mans, impulsan a lanzadeira,
As mans, colocan o fío,
As mans, batanean o tecido,
As mans que tecen*



Primeiro premio mellor fotografía 2012

Raigame da mentira
Vitor Nieves



Segundo premio mellor fotografía

De festa
Lorenzo Secade Alonso



Terceiro premio mellor fotografía

A raiola dun trago
José Izquierdo León



Primeiro premio mellor fotografía 2013

A arte está nas mans
Manola González

Segundo premio mellor fotografía


Eu tamén quería tocar
José Izquierdo León



Terceiro premio mellor fotografía

Á sombra da torre
María Abad





Premio Serie Fotográfica 2013

Reminiscencias
Inma Vilanova



Primeiro premio mellor fotografía 2014

Paraugas
Ángel Paz



**Segundo premio
mellor fotografía**

Zocos
Ana Iglesias



**Terceiro premio
mellor fotografía**

Lembranzas
Isabel Janeiro



Premio Serie Fotográfica 2014

O home das fotos
Manuel Blanco Guerra

XV ROMARÍA RAIGAME

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA ROMARÍA ETNOGRÁFICA RAIGAME

Con motivo da celebración da XV Romaría Etnográfica Raigame, organizada polo "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Celanova, que terá lugar en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense) o día 17 de maio de 2016, convócase o Concurso de Fotografía "Romaría Etnográfica Raigame", que estará regulado polas seguintes

BASES

1. Os interesados poderán participar a nivel individual ou como colectivo, asociación cultural, grupo folclórico, etc.

2. Os temas abordados no concurso deberán recoller aspectos da xornada de celebración da Romaría Raigame que terá lugar o día 17 de maio de 2016 en Vilanova dos Infantes (Celanova-Ourense).

3. O concurso terá 2 modalidades, nas que os concursantes poderán participar simultaneamente cun único traballo en cada unha delas:

a. Concurso MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA.

Premiarase a mellor serie fotográfica composta por un mínimo de 3 fotografías e un máximo de 5, que deberán ter unha unidade temática e/ou narrativa referente a algún aspecto da Romaría Etnográfica Raigame a celebrar en Vilanova dos Infantes. A serie deberá ir acompañada dun título e máis un pequeno texto explicativo do traballo.

b. Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA.

Cada fotografía deberá levar un título identificativo e non se poderán presentar máis de 3 fotografías por autor. Premiarase unha única fotografía por autor.

As fotografías deberán ser orixinais en cor ou en branco e negro e presentaranse impresas en papel fotográfico acompañadas dun CD cos documentos informáticos orixinais. O tamaño mínimo será de 18x24 cm. e o máximo de 30x40 cm. sen montar.

4. Premios:

a. Concurso MELLOR SERIE FOTOGRÁFICA:

Un único premio de 500 euros.

b. Concurso MELLOR FOTOGRAFÍA:

Un premio de 300 euros.

Un premio de 250 euros.

Un premio de 200 euros.

5. Segundo a normativa legal vixente, os premios que superan a contía de 300 euros estarán suxeitos á perceptiva retención fiscal.

6. O xurado será nomeado polos organizadores da XV Romaría Etnográfica Raigame e as súas decisións serán inapelables.

7. Os traballos deberán ser remitidos ben ao "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández", ben ao Concello de Celanova, baixo pseudónimo, facendo constar a modalidade na que participa. En sobre pechado serán incluídos os datos do participante: nome, enderezo, teléfono, correo electrónico.

8. A data límite de presentación dos traballos será o día 31 de Xullo de 2016.

9. Unha vez que o xurado falle os premios, daranse a coñecer a través dos medios de comunicación, podendo declarar deserto algún deles, así como conceder accesits especiais.

10. As fotografías premiadas, xunto cunha selección feita polo xurado de entre todos os traballos presentados, configurarán a exposición "Estampas dunha romaría" dentro da programación do Outono Fotográfico, durante os meses de novembro e decembro.

11. Os premios serán entregados coincidindo coa inauguración da exposición e os galardoados serán citados previamente a través dunha comunicación persoal.

12. Os traballos premiados quedarán en propiedade da Organización, podendo facer uso deles (total ou parcialmente en publicacións, exposicións, carteleira, ou mediante calquera outro medio) nomeando a súa autoría.

13. Os traballos non premiados poderán ser recollidos polos seus propietarios nos dous meses posteriores ao 9 de Xaneiro de 2017, no "Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo Fernández" da Deputación Provincial. Unha vez transcorrido ese tempo, os traballos pasarán ó arquivo da Organización, e poderán ser utilizados, nomeando a súa autoría, para promoción da Romaría Etnográfica Raigame.

14. A participación no concurso implica a total aceptación das presentes bases.



Raigame